

## ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**25 de febreiro de 2022**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE) (*telemáticamente*), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bo día a todas e a todos. Antes de comezar coa orde do día deste Pleno ordinario de 25 de febreiro quería, en primeiro lugar, anunciar que imos aprobar unha nova Resolución para recuperar a normalidade dos Plenos. En segundo lugar, quería informarlles tamén que o Deputado Manuel González que está a padecer covid e seguirá e participará telemáticamente neste Pleno.



Tamén quería mostrar e estou segura que o fago no nome de todas as Deputadas e Deputados, a nosa solidariedade con Ucraia pola situación de invasión que está padecendo.

Ademais, por acordo de todos os grupos políticos que forman parte desta Corporación vou a dar lectura dunha Declaración Institucional con motivo do naufraxio do buque Villa de Pitaxo en Terranova. E logo, unha vez que remate, pedirei un minuto de silencio.

Paso a ler a Declaración Institucional:

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO NAUFRAXIO DO BUQUE “VILLA DE PITANXO” EN TERRANOVA**

“Con motivo do naufraxio do buque “Vila de Pitaxo” en Terranova a Deputación de Pontevedra quere transmitir o seu máis sentido pésame ás familias e seres queridos dos tripulantes falecidos: Willian Arévalo Pérez, Miguel Ángel Lumbres, Daniel More, Diego Andrés More, Fernando Santomé, Juan Antonio Cordero, Rogelio Franco Damazo, Pelungo Zure, Ricardo Alonso; tamén ás familias dos desaparecidos: Raúl González, Martín Quino Ceballos, Edemon Okutu, Ricardo Arias, Fernando González, Michael P., Francisco de Pazo, Francisco Manuel Navarro, Edwin Córdoba, Jonathan Calderón, Pedro Herrera, Juan Martín Frías; así como o noso alento e o desexo dunha pronta recuperación ós tripulantes supervivintes: Juan Padín Costa, Eduardo Rial, Samuel Kwesi Koufire.

Ademais, a Deputación quere trasladar a súa solidariedade coa Comarca do Morrazo e con todos os concellos afectados. E o seu afecto e recoñecemento ó conxunto da grande familia do mar.

Despois de séculos de estreita relación co mar e despois de termos vivido como pobo innumerables traxedias vinculadas a el, nin as comunidades mariñeiras nin Galicia toda somos quen de asimilar a inmensa dor que produce a perda de milleiros de mariñeiros que ó longo da historia nunca volveron da súa marea á terra firme.

Máis unha vez, o pasado martes 15 de febreiro, as frías augas de Terranova xearon tamén e para sempre a vida de 21 persoas, 21 dos 24 mariñeiros que tripulaban o buque galego “Vila de Pitaxo” con base en Marín.



Uns feitos que, maila ocorrer a centos de millas das nosas costas, non nos resultan alleos ás galegas e aos galegos e que, de novo, nos amosan con enorme dureza os perigos cos que se enfrontan diariamente as persoas que traballan no mar. Un mar que para Galicia é fonte de vida e que esta vez, como en tantas outras, deixou sen ela aos nosos mariñeiros.

O conxunto da cidadanía galega acompañou dende o primeiro momento ás familias dos falecidos e desaparecidos na súa dor e hoxe, conscientes de que non hai consolo nin palabras nestas circunstancias, a Deputación de Pontevedra súmase a elas neste momento de fonda tristura para o país e ao esforzo de todas as autoridades competentes, dos buques galegos e portugueses que acudiron ao rescate e da empresa armadora para poñer á súa disposición os medios e recursos necesarios para axilizar todos os trámites precisos para que as familias do “Vila de Pitaxo” poidan comezar o seu dó.”

Nestes intres gárdase un minuto de silencio.

Sra. Presidenta.- E como vén sendo habitual cada 8 de marzo, esta Deputación que ten como prioridade a igualdade entre mulleres e homes, fai unha longa serie de actividades. Este ano imos á esixir a Axenda da Paridade, levamos anos esixindo que é a Axenda da Igualdade, a Axenda Feminista, forme parte da prioridade das administracións públicas. Nós cremos profundamente en que máis da metade da poboación ten o dereito a ocupar a metade de todo, cousa que non se produce en ningún eido da vida social, económica, nin tampouco política. Xa levamos anos nos que no Pleno anterior a este 8 de marzo unha persoa destacada lea un manifesto para este día, onde as mulleres nos unimos xunto ao conxunto da sociedade para facer as nosas reclamacións. Polo tanto imos a proceder á lectura do Manifesto do 8 M que foi elaborado pola Politóloga, máster en Igualdade de Xénero, Priscila Retamozo Ramos. Antes de que a muller elixida para esta lectura o faga imos escoitar quen é a persoa que vai dar lectura ó Manifesto do 8M. ... Desculpe un momento, non se escoita.

Nestes intres faise a presentación da autora do Manifesto Dona Priscila Retamozo Ramos e seguidamente procede a darlle lectura ó mesmo.

(Escóitanse aplausos)



Sra. Presidenta.- Querida Priscila, é emocionante que as que xa somos maiores teñamos esa ventá de optimismo que significa que haxa mulleres mozas coma ti que teñen tan claro que sin igualdade non hai avance posible da sociedade, non hai democracia, e que teñan adquirido o compromiso de loitar contra tanta desigualdade, contra tanta barbarie, contra tanta violencia, contra tanta dor, contra tanta falta de intelixencia e con ese optimismo que fai que nos movamos aínda que saibamos que é tan complexo loitar pola igualdade. Nós en agradecemento a este fermosísimo manifesto, que contén todo o ideario feminista para lograr a igualdade, queremos facerte entrega dun obsequio é unha camelia, branca, que era a que identificaba ás sufraxistas que lograron que houbera voto universal, non soamente que votáramos as mulleres senón que o voto fora un dereito do conxunto da sociedade, ata aquel momento soamente a metade do mundo podía exercer, polo tanto queremos que teñas esta fermosa peza de artesanía, elaborada tamén por unha muller, premio nacional, porque temos moito talento feminino no eido da cultura, para que recordes que nesta administración estamos eternamente agradecidas polo teu compromiso, polo teu traballo e de tantas mulleres. Gracias Priscila.

(Escóitanse aplausos).

Sra. Presidenta.- E agora si, comezamos coa orde do día deste Pleno ordinario de 25 de febreiro de 2022.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

#### 1.7744.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- Na parte resolu, bueno no primeiro punto da orde do día, perdón. Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria do día 14 de xaneiro e ordinaria do 28 de xaneiro do 2022. ¿Hai algunha observación? Non hai observacións, entendo que queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións: extraordinaria do día 14 de xaneiro e ordinaria do día 28 de xaneiro de 2022.



a) Parte resolutive:

2.7745.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, CASETAS DE VENDA E CAMIÓN-TENDA SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO (EXPTE. 2021063360)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutive. No punto 2. Delegación de competencias do Concello de Ponte Caldelas na Deputación para desenvolver as facultades de xestión, liquidación e recadación da taxa por instalación de postos, casetas de venda e camiões tenda situados en terreos de uso público. ¿Hai algunha observación? ¿Entendo que aprobamos por unanimidade? Queda aprobada por unanimidade.

O Pleno do Concello de Ponte Caldelas na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, liquidación e recadación da taxa por instalación de postos, casetas de venda e camiões-tenda situados en terreo de uso público.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da Comunidade Autónoma.

Polo Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección; Servizo de Recadación- Tesourería, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse sendos informes relativos á delegación acordada.



En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Acéptase a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello de Ponte Caldelas, adoptado na sesión que tivo lugar o 25 de novembro de 2021, nos seguinte termos:

Delegación das facultades de xestión, liquidación e recadación da taxa por instalación de postos, casetas de venda e camións-tenda situados en terreo de uso público.

#### COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial.

O Concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.
- A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.
- Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- A remitir a información dos valores entregados ao cobro, co formato, datos e polo canle sinalado pola Deputación.



- A exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade delegante e noutros lugares de costume dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- Porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.
- A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdicionais, que se levará a cabo polos letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade.

#### NORMATIVA.

A delegación sométese ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

O Concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, fiscal neste caso (art. 15 do TRLHL), que consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas as regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, primará a regulación provincial e o municipio, no seu



caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das OO.FF cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

#### CONDICIÓNNS ECONÓMICAS.

A contraprestación polo exercicio da delegación é o fixado na normativa da Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL que se acompaña ao presente acordo. As condicións económicas poderán ser revisables, dentro do período pactado ou das súas prórrogas, cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

#### CONFIDENCIALIDADE.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.





- d) Restrinxirase o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.
- e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.
- f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.

As partes comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida tras a súa finalización.

#### PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.



- Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
- Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, tanta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarálles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.
- No caso de que se preveña a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento,



xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.

- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
  - Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.
  - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
  - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
  - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

#### ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto



denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor ó día seguinte á súa preceptiva publicación no Diario Oficial de Galicia.

**SEGUNDO.-** Facúltase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Este acordo polo que se acepta a delegación efectuada polo Concello de Ponte Caldelas farase público mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.7746.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2022 (EXPTE. 2022006319)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito número 1/2022. Ten a palabra para a súa explicación o Sr. Font.

Sr. López Font.- Muchas gracias Presidenta. Buenos días a todas y a todos. Efectivamente, traemos a aprobación a este pleno el primer expediente de modificación del presupuesto de 2022. Incorpora 26.000.000 de euros, lo que en total hace que podamos disponer en este presupuesto de 2022 de un total de 226.000.000 teniendo en cuenta que habíamos incorporado 25 para el Plan Reaçon. Esta movilización de recursos a la que hay que añadir todavía, sumar lo relativo a los Fondos Europeos se convierte ciertamente en un hecho único e histórico. Destacar que estos remanentes están marcados por la eficacia y la eficiencia porque vamos a estar con la prudencia para seguir teniendo recursos inclusive para poder atender a cofinanciaciones de proyectos europeos. Se ponen más recursos en favor de los concellos dentro del eje del plan de recuperación. El destino de estos 26,1 millones de euros lo dividimos en 7 bloques. El primero, el



más numeroso económicamente, lo titulamos “Transformación del territorio conectividad segura y amable”, son más de 14,25 millones de euros para labores de conservación y seguridad en la Red provincial de carreteras y estudios y trabajos técnicos para la movilidad peatonal. Es un extraordinario impulso de los que 10,6 millones de euros irán destinados para nuevos proyectos en carreteras provinciales. Ya estamos en contacto con los concellos para determinar cuál son los proyectos más maduros, siempre dentro de los principios de movilidad Ágora que básicamente como saben es el espacio público para las personas como un derecho. Con este suplemento de recursos además de potenciar la seguridad en las carreteras, se trata la conservación y el mantenimiento, ejecución de más kilómetros de cunetas tendidas, instalación de nuevas medidas de calmado de tráfico, urbanización y creación de sendas peatonales y siempre poniendo en valor el patrimonio para integrar en cada actuación. El segundo bloque lo titulamos “Los concellos y la dinamización social en el centro de la inversión”. Se destinan 3,18 millones para complementar el Plan Reacon, sólo faltan 5 convenios por firmar; pero también para la mejora del Servicio del Oral con asistencias técnicas que tan buena acogida están teniendo en los nuevos servicios; programas de movilidad local y también programas, evidentemente, culturales en los concellos, medioambientales en temas medioambientales, memoria histórica, lingua, igualdad, por supuesto, deporte y turismo. Teniendo en cuenta que los Fondos Nex Generation van a constituir nuestro objetivo, el tercer bloque es una mayor dotación a este reto, aquí destinamos 2,5 millones para cofinanciar los Fondos Europeos, esto es apoyo a los concellos evidentemente. También en la forma de asistencias técnicas para la planificación y redacción de nuevos proyectos que tan buena acogida han tenido en las reuniones que hemos celebrado con los concellos, y también para diseñar e implementar un programa de apoyo a la gestión de las propias ayudas que soliciten los concellos. El cuarto bloque es “conservación del patrimonio provincial” y no podríamos, evidentemente, dejar de actuar en nuestro propio patrimonio, aquí comprenden la mejora y nuevas actuaciones en nuestras instalaciones provinciales, se destinan 4,2 millones de euros, un millón de euros al Museo de Pontevedra, se realizan mejoras en el Palacete das Mendoza, actuaciones en Príncipe Felipe entre ellas la fachada del CEIP Daría González, que hay que recordar que es competencia de la Xunta de Galicia y no debemos olvidarlo, y también mejoras en oficinas del Servicio de ORAL. El quinto bloque es digitalización y modernización de la administración 850.000 euros y continuamos con la tarea que ya emprendimos desde el primer momento. El sexto bloque es “Revitaliza a opción de futuro” somos un modelo, no sólo en Galicia sino a nivel del Estado, en el tratamiento y



gestión de recursos sostenibles de los residuos y aquí se destinan 800.000 euros. Y para finalizar el séptimo bloque es el relativo a “Cooperación transfronteriza” dado que la vocación de este gobierno ha sido crear sinergias con Portugal, la creación da AECT Río Miño está consolidada como institución de referencia y se destinan 193 euros de estos remanentes para incrementar sus recursos. Gracias.

Sra. Presidenta.-... ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bos días a todos e a todas. Ben, o expediente está aí, os datos están aí pero eu creo que si se merecen unha reflexión, ¿non?. A primeira é que a situación económica desta casa é millor do previsible, é moi boa e polo tanto hai recursos para poder actuar. E a segunda a axilidade ca que se fai esta, tanto a liquidación como esta modificación, eu creo que non ten parangón en ningunha administración polo menos non se ve, vamos, polos medios de comunicación non se ve que ningunha administración local teña unha modificación de crédito incorporando remanentes tan rápido, á parte de tan potente, pero bueno, en este caso estoume referindo a celeridade ¿non?. Eso é intencionado, é buscado, ¿por que?, porque despois vén o seguinte chanzo en xeral que son os, ¿non?, os concellos, entonces canto antes o fagamos pois máis rápido se pode ir actuando e non temos os cartos parados, vamos, non temos, digamos, os recursos que si ten xa esta a administración pois telos parados, ¿non?, a idea é movelos, movelos o antes posibel, ¿non?. O contido da modificación foi explicado por Carlos Font pero digamos que é a continuación dos orzamentos no sentido de que se vai incorporando a partidas nas que, bueno, nos orzamentos ou en outras modificacións había xa recursos, pois igual parece que se dedican poucos, pero é porque antes se lle dedicaron antes, poño un exemplo, por exemplo, para as obras do Museo creo que nos anteriores orzamentos e modificacións non sei se hai 5,7 millóns euros, non, 6,7 millóns de euros, bueno agora apórtase un máis para seguir, ¿non?, entonces pode parecer unha cantidá pequena en relación ós retos que hai para facelo pero é máis que suficiente tendo en conta o anterior, non se pode ler soamente esta modificación de crédito, digamos por si mesma, senón que hai de, vamos, dos orzamentos xerais ou de modificacións anteriores. Entonces, eu creo que esta, xa para rematar, creo que esta modificación de crédito pois demostra dúas cousas: unha que hai un goberno moi sólido que ten as prioridades moi claras, e polo tanto pois pode actuar con axilidade e a segunda, que xa dixen antes que esta administración, pois, ten unha situación económica boa, incluso mellor do que era previsible hai un ano ou ano e medio, bastante, bastante mellor do que era,



vamos, das previsións que podía haber e que, pois, se actúa con prudencia como se actuou sempre, quedan os remanentes líquidos para financiar gastos xerais son ao redor de 38 millóns, agora comprometemos 26, aínda quedan 12 millóns, máis ou menos, á parte dos fondos europeos que poidan chegar, para novas actuacións, novas intervencións e novas, vamos, necesidades que en principio parte delas probablemente estean asociadas a darlle un novo impulso ó Revitaliza, ¿non?, que se lle dedican cartos, pero é posible que sexan necesarios moitos máis, en función da disposición que teñan os concellos, ¿non?, a, vamos, a seguir esa, esa senda.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non hai máis peticións de palabra, polo tanto someto á votación a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm 1/2022. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de créditos número 01/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/21), por importe de 830.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/21) por importe de 25.191.721,83 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose por unha parte con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores “achegas a conta” do Fondo complementario de financiación (Participación nos Tributos do Estado), por importe de 8.259.001,00 €; e o resto do expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, pola cantidade de 17.762.720,83 euros.

Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 15 de febreiro de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 01/2022 da Deputación de Pontevedra por importe 26.021.721,83 euros. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/22), por importe de 830.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.01/22) por importe de 25.191.721,83 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

### 1. Créditos Extraordinarios “EXT. 01/21”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
457-4500-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS: MELLORAS NO PATRIMONIO_ ARQUITECTURA [obras de mellora, acondicionamento e reforma dos locais existentes para adaptalos ás necesidades que xorden, así como para a súa perfecta conservación]	600.000,00 €
932-9320-632,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS INSTALACIÓNS (REFORMAS SEDE ORAL)	30.000,00 €
942-9420-641,00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS _COOPERACIÓN [Programa apoio xestión proxectos UE]	200.000,00 €
	<b>Total Créditos Extraordinarios...</b>	<b>830.000,00 €</b>

### Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 01/21:

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.





Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios	<b>830.000,00 €</b>

## 2. Suplemento de Crédito “SUP. 02/21”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-227,99	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, VARIOS_ C.P. FELIPE [Servizo de posta a punto da roupa plana do CPF]	107.100,00 €
232-2312-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN, MELLORAS _C.P.FELIPE [Residencia xuvenil, ascensor do CEIP Daría González Rodríguez: 200.000€; Reparación da fachada e substitución da carpintería metálica do CEIP Daría García González: 714.855,17€; Substitución do material de cubrición do Centro Agarimo e almacén: 794.154,05€]	1.709.009,22 €
240-2410-221,15	SUBMINISTROS, MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL_PROMOCIÓN DE EMPREGO (teleformación na Deputación).	11.000,00 €
240-2410-226,99	GASTOS DIVERSOS_PROMOCIÓN DE EMPREGO (aulas formación - demótica).	11.000,00 €
240-2410-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_PROMOCIÓN DE EMPREGO (Asistencia técnica na planificación de proxectos).	33.200,00 €
250.2315.227,07	TRABALLOS R. POR OUTRAS EMPRESAS, PROXECTOS PROMOCIÓN DA IGUALDADE [Proxecto Entre Mulleres. O rescate do anonimato. Silencio, marxinación e solidariedade]	150.000,00 €
250.2315.453,94	CONVENIOS UNIVERSIDADES_IGUALDADE [UNIVERSIDADE DE VIGO: Programa ciencia de ida e volta]	15.000,00 €
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
250.2315.480,01	ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XÉNERO_IGUALDADE, [MULLERES SALGADAS: cursos de habilidades dixitais para as mulleres no mar]	10.500,00 €
250.2315.480,03	PREMIOS MULLERESNOFOCO,_IGUALDADE	6.000,00 €



324-3243-213,00	REPARACIÓN MAQUINARIA, INSTALACIÓNS_ESCOLA CANTERÍA (Revisión e reparación de filtro)	20.000,00 €
324.3243.632,02	MELLORAS CONSTRUCCIÓNS_ESCOLA CANTERÍA (ventilación nave taller, cuberta)	25.000,00 €
330-3340-226,09	GASTOS DIVERSOS, _ CULTURA [Patrocinios audiovisuais: 15.000€; Adquisición de libros a editoriais da provincia de Pontevedra que publiquen en galego: 18.000€].	33.000,00 €
330-3340-226,30	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA MUSIGAL_ CULTURA	100.000,00 €
330-3340-489,05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIIS_ CULTURA [Subvención nominativa para: Asoc. Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas (CIF: G-36.350.015), "Realización V Certame de recolla das imaxes do patrimonio: 8.500€"; FUNDACIÓN PENZOL (G36623171), "Exposición María do Carmen Kruckenberg": 9.000€ ]	17.500,00 €
332-3322-226,10	GASTOS DIVERSOS. MEMORIA HISTÓRICA_PATRIMONIO DOC. E BIBLIOGRÁFICO (Proxecto: "O pasado está por vir")	50.000,00 €
333-3330-632,03	MELLORAS EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS_MUSEO	1.000.000,00 €
334-3340-227,99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, TRADUCCIÓN, INTERPRETACIÓN E OUTROS_ SERVICIOS LINGÜÍSTICOS (exposicións, obradoiros, actuacións, patrocinios, actividades en datas sinaladas como Día de Rosalía, Día das Letras Galegas, Apalpador, etc.).	50.000,00 €
340-3410-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_DEPORTES [Turismo deportivo FiturSport]	20.000,00 €
340-3410-489,04	ACTIVIDADES DEPORTIVAS DIRIXIDAS A CLUBS/ENTIDADES DEPORTIVAS _DEPORTES. [Organización de campionatos, eventos e actividades]	50.000,00 €
340-3410-489,06	CURSOS DE FORMACIÓN DEPORTIVA_DEPORTES [Impulsar a formación de mulleres en postos técnicas/adestradoras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra]	25.000,00 €
410-1720-209,00	CANONES_ MEDIO AMBIENTE (Adhesión a novas redes]	3.000,00 €
410-4120-221.13	MANUTENCIÓN DE ANIMÁIS_ MEDIO AMBIENTE (GANDERÍA MOURISCADÉ)	30.000,00 €
410-4120-221,15	MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL_MEDIO	20.000,00 €



	AMBIENTE (embrións)	
410-4120-623,01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE_MEDIO AMBIENTE (Adquisición de analizadores de fibras e graxas )	45.000,00 €
410.4190.632,01	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS , MELLORAS_MEDIO AMBIENTE (Cuberta do edificio de apeiros- Soutomaio)	50.000,00 €
413-4123-227,07	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS -OUTROS SERVIZOS_E.F.AREEIRO	25.000,00 €
413-4123-623,01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE, ADQUISICIÓN_E.F.AREEIRO	25.000,00 €
413-4123-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS - MELLORAS_E.F.AREEIRO	30.000,00 €
433.3360.227,99	GASTOS DIVERSOS - OUTROS, C. SOUTOMAIOR_TURISMO	20.000,00 €
433.3362.227,99	GASTOS DIVERSOS - OUTROS, CASTRODEZA E PAZO LIÑARES_TURISMO [Convenio INCIPIIT-CSIC]	60.000,00 €
433.3363.221,00	SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, C. SOBROSO_TURISMO	35.000,00 €
433.3363.226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN, C. SOBROSO_TURISMO	15.000,00 €
433.4320.209,00	CÁNONES_TURISMO [cota anual SPAIN FILM COMMISSION]	7.300,00 €
433.4320.226,99	OUTROS SUBMINISTROS_TURISMO	1.000,00 €
433.4320.226.15	MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL_TURISMO	30.000,00 €
433.4320.227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_TURISMO (Asistencia técnica na planificación de proxectos).	15.000,00 €
433.4320.489,01	TRANSFERENCIAS VARIAS_TURISMO [ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS, asistencia a feira internacional enoturismo 2022]	6.000,00 €
433.4320.632,03	MELLORAS, EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS_TURISMO	40.000,00 €
456-4530-612,01	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS: SEGURANZA VIARIA, SINALIZACIÓN_INFRAESTRUTURAS	3.500.000,00 €
456-4530-612,02	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS, CONVENIOS_INFRAESTRUTURAS	10.600.000,00 €
456-9420-227,06	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS -ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, EN MOBILIDADE_INFRAESTRUTURAS	150.000,00 €
<b>APLICACIÓN</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
456-9420-489,10	A FAMILIAS E INSTITUCIÓN SEN FINS DE	50.000,00 €



	LUCRO, ACTIVIDADES DE MOBILIDADE_INFRAESTRUTURAS [incremento de subvención nominativa á Rede de Cidades que Camiñan para a Rede Ágora].	
456-9420-762,10	A CONCELLOS, PROGRAMAS DE MOBILIDADE LOCAL_INFRAESTRUTURAS	1.000.000,00 €
920-9200-221,00	ENERXÍA ELÉCTRICA_SERVIZO CENTRAL [aumento tarifas]	300.000,00 €
922-9330-224,01	SEGUROS DE EDIFICIOS, LOCAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL _ CONTRATACIÓN (Nova contratación do seguro de Responsabilidade Civil)	80.295,58 €
923-1623-479,01	AXUDAS AGROCOMPOSTAXE/CONVENIOS SECTOR PRIMARIO, TRATAMENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS (15_COMP)_ SAIM	800.000,00 €
926-9260-206,00	ARRENDAMENTO EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN _TIC, [Visor transparencia, licencias, e outras]	115.600,00 €
926-9260-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS _TIC, [Estudos, actualización equitrack, creación portais web]	126.736,49 €
926-9260-626,01	EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN _TIC, [Renovación servidores, ampliación cabinas Oracle, monitores]	583.035,00 €
932-9320-227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_ORAL [asistencia técnica para a elaboración de o inventario e mapa de liñas para a posible implantación de taxas para utilización privativa ou aproveitamento especial do D.P.L. cas instalacións de transporte de enerxía]	83.000,00 €
932-9320-227,62	PRESTACIÓN SERVIZOS, PROXECTO NOVA TRIBUTACIÓN DOMINIO PÚBLICO LOCAL_ORAL [servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos Concellos]	45.000,00 €
932-9320-622,03	ADQUISICIÓN - MELLORAS EDIFICIOS_ORAL [Oficinas: Caldas, A Estrada, Lalín e adecuación aseos no servizo recadación]	40.000,00 €
942-4330-221,00	ENERXÍA ELÉCTRICA, VIVEIROS_COOPERACIÓN [aumento tarifas]	40.000,00 €
942-9420-227,06	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS -ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_ COOPERACIÓN [Asistencias elaboración proxectos UE]	300.000,00 €
942-9420-762,75	A CONCELLOS, PROGRAMA REACPON_COOPERACIÓN [Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación	1.284.445,54 €



	Post- covid. Programa REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)]	
942.9420.762,99	A CONCELLOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS_ COOPERACIÓN [captación de fondos do NEXT GENERATION]	2.000.000,00 €
942-9431-226,99	GASTOS DIVERSOS, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA _ COOPERACIÓN	30.000,00 €
942-9431-227,07	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA _ COOPERACIÓN	33.000,00 €
942-9431-453,94	A UNIVERSIDADES, PROX. TRANSFRONTEIRIZOS_ COOPERACIÓN	25.000,00 €
942-9431-491,01	A ENTIDADE TRANSF. AECT RÍO MIÑO, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA _ COOPERACIÓN	25.000,00 €
942-9431-609,10	INVERSIONS EN INFRAESTRUTURAS TRANSFRONTEIRIZAS, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA _ COOPERACIÓN	80.000,00 €
	<b>Total Suplementos de Créditos...</b>	<b>25.191.721,83 €</b>

### Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/21:

O expediente finánciase por unha parte con maiores ingresos sobre os previstos no orzamento, correspondentes ás maiores “achegas a conta” do Fondo complementario de financiación (Participación nos Tributos do Estado), por importe de 8.259.001,00 €; e o resto do expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

### Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,10	P.T.E., Fondo complementario de financiación (maiores achegas a conta 2022 sobre as previsións no orzamento)	8.259.001,00 €
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito	16.932.720,83 €
	<b>TOTAL...</b>	<b>25.191.721,83 €</b>

### Resumo do expediente:

<b>TOTAL SUPLEMENTOS...</b>	<b>25.191.721,83 €</b>
-----------------------------	------------------------



TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	830.000,00 €
SUMA...	26.021.721,83 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 4º Transferencias correntes.	8.259.001,00 €
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>8.259.001,00 €</b>
Capítulo 8º Activos financeiros.	17.762.720,83 €
<b>INGRESOS FINANCEIROS...</b>	<b>17.762.720,83 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...</b>	<b>26.021.721,83 €</b>

#### ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	2.150.232,07 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	1.030.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	18.557.044,22 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	4.284.445,54 €
<b>GATOS NON FINANCEIROS...</b>	<b>26.021.721,83 €</b>
<b>TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...</b>	<b>26.021.721,83 €</b>

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo e modificando como subvencións nominativas dos Servizos de Cohesión Social e Xuventude; Igualdade; Cultura; Turismo e Infraestruturas, as seguintes:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
22/330-3360-762,01/21	A CONCELLOS, ACTUACIÓNS NO PATRIMONIO HISTORICO E CULTURAL_ (CULTURA)	30.000,00 €	
P-3602200-B	CONCELLO DO GROVE	24.000,00 €	Escultura conmemorativa dun Equus asinus como eixe vertebrador do patrimonio inmaterial que simboliza a lenda do descubrimento das augas termais da Illa da Toxa".
APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/330-3340-489,05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURALS_ CULTURA	653.500,00 €	
G-36.350.015	ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS	8.500,00 €	Realización V Certame de recolla das imaxes do patrimonio
G-36623171	FUNDACIÓN PENZOL	9.000,00 €	Exposición María do Carmen Kruckenberg



APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
22/231-2313-480,02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_(COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE)	914.000,00 €	
G36282184	ESPERANZA SALNÉS	-10.000,00 €	Programas de intervención terapéutica
G36551828	FUNDACIÓN PARA A DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII	10.000,00 €	NATURA XXIII: PROXECTO DE FOMENTO DO EMPREGO EN ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTAIS

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/250.2315.453,94	CONVENIOS UNIVERSIDADES_IGUALDADE	104.000,00 €	
Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000,00 €	Programa ciencia de ida e volta

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/250.2315.480,01	ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO_IGUALDADE	280.500,00 €	
G7051897	MULLERES SALGADAS	10.500,00 €	PROXECTO: CURSOS HABILIDADES DIXITAIS PARA AS MULLERES DO MAR

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/433-4320-489,01	A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, TRANSFERENCIAS VARIAS	158.000,00 €	
G36597201	ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	6.000,00 €	ASISTENCIA FEIRA INTERNACIONAL ENOTURISMO 2022

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/456.9420.489,10	A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DE MOBILIDADE	150.000,00 €	
G90061771	REDE DE CIDADES QUE CAMIÑAN (FACULTADE ÁGORA) (aumenta 50.000€)	150.000,00 €	ORGANIZAR, DIFUNDIR E IMPARTIR A FORMACIÓN ÓS CONCELLOS ADHERIDOS SOBRE ESPAZOS PÚBLICOS E MOBILIDADE PEONIL

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 01/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.01/22), por importe de 830.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.01/22) por importe de 25.191.721,83 euros, máis as modificacións do Anexo II das bases de execución, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o



día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

4.7747.- **PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VIANA”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021039100)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 4. Proxecto reformulado polo Concello de Salvaterra de Miño da actuación humanización da rúa Marqués de Viana ó abeiro do programa REACPON. ¿Algunha intervención? O someto polo tanto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Salvaterra de Miño con destino á execución da actuación denominada "Humanización da rúa Marqués de Viana", segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19 - Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- A dita concesión quedou condicionada á obtención das autorizacións sectoriais de Patrimonio Cultural (Xunta de Galicia) e do Ministerio de Transportes,





## Mobilidade e Axenda Urbana.

- O orzamento do investimento ascendía a 586.867,68€ e a subvención concedida a 498.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 88.867,68€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa REACPON, mediante a Resolución Presidencial núm. 2022000333 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022.
- En data 27/01/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022002947, WEB2022002949, WEB2022002952 e WEB2022002953), emendado o día 03/02/2022 (núms. rexistro WEB2022004163, WEB2022004165, WEB2022004167, WEB2022004194 e WEB2022004196), un proxecto reformulado, redactado en decembro de 2021, que mantén invariable o orzamento inicial, e o acordo de aprobación do dito proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- O día 31/01/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022003347, WEB2022003379 e WEB2022003400) a resolución desfavorable de Patrimonio Cultural de 04/10/2021, na que se requiría a presentación dun novo proxecto, a posterior resolución favorable de 20/12/2021 pola que se autoriza o proxecto reformulado presentado, e unha resolución de 21/12/2021 de corrección de erros da dita resolución favorable.
- Examinado o proxecto pola Comisión de Persoas Expertas do Programa REACPON na data 02/02/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa REACPON e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica, manténdose invariables as contías das subvencións concedidas.
- En data 14/02/2022 emítese informe favorable, asinado polo enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación xunto aos demais membros da Comisión de Expertos do Programa REACPON, sinalando, entre outras consideracións, “que os cambios introducidos dan resposta á esixencia da Xefatura Territorial



da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de redacción dun modificado, debido ao tratamento que o proxecto orixinal fai da zona axardinada existente fronte á fortaleza e as canalizacións dos servizos urbanos nela”, que “de acordo ás condicións impostas pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as actuacións propostas no modificado para a zona axardinada conservan o ámbito orixinal...”, que “tendo en conta que a superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da axenda 2030, as políticas PANCA afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove; mantéñense os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e polo tanto a puntuación obtida non se modifica”. Ademais, tamén engade “que estes cambios non modifican o orzamento de licitación”, e o 15/02/2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe considerando que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, e o 15/02/2022 a Intervención provincial emitiu informe de fiscalización favorable do expediente.

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local



(TRRL).

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).

### **Consideracións xurídicas**

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa REACPON, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### **Competencia para resolver**

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.



## CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello (aprobado pola Xunta de Goberno local de data 20 de xaneiro de 2022), redactado no mes de decembro de 2021, e que conta coa correspondente autorización de Patrimonio Cultural, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación. O proxecto non necesita novas autorizacións sectoriais.

O orzamento de licitación do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

O enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación e demais membros da Comisión de Expertos informaron favorablemente a supervisión do proxecto, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados na base da convocatoria e polo tanto a puntuación obtida non se modifica.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa REACPON e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de Persoas Expertas de 02/02/2022 (CSV: JIDVAVJRKDJVVALS), o informe do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación e demais membros da Comisión de Expertos (CSV: FRZR4XPNGYEPK0), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 15/02/2022 (CSV: H6E66BDO1T2RFV81), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito á Intervención (CSV: FKZYM9GIRD3MPX8Z), o informe de Intervención de 15/02/2022 (CSV: 18N46VXYR9OFMTJ7), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 18/02/2022 (CSV: NQMDPHB7DTD69PNN), o Pleno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto reformulado presentado polo Concello de Salvaterra de Miño da actuación “Humanización da rúa Marqués de Viana”, ao abeiro do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Salvaterra de Miño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.7748.- **PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DA GUARDA DA ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040003)**

Sra. Presidenta.- No punto 5. O proxecto reformulado presentado polo Concello da Guarda da actuación e execución de reforma e ampliación polideportivo da Sangriña ó abeiro do programa REACPON. ¿Hai algunha observación? O someto polo tanto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

#### ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do día 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Guarda con destino á execución da actuación denominada “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA”, ao abeiro do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.674.023,95€ e a subvención concedida a 609.672,74€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.064.351,21€.
- En data 04/01/2022, e posteriormente emendado o 11/01/2022, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2022000303 e WEB2022000865) un proxecto reformulado do proxecto inicial no que o orzamento aumenta 196.643,58€ (11,75%) ata o importe de 1.870.667,53€.
- En data 20/01/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. de Rexistro WEB2022002040) o acordo plenario de aprobación do dito proxecto.



Ese mesmo día, e posteriormente emendado o 24/01/2022, o Concello presenta (núms. de Rexistro WEB2022002146 e WEB2022002393) o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento, polo que a achega municipal increméntase ata 1.260.994,79€ ao manterse invariable a subvención concedida.

- En data 02/02/2022 ten lugar a sesión da Comisión de Persoas Expertas do Programa REACPON, ao terse devolto o expediente pola Intervención Provincial en data 26/01/2022, chegando a referida Comisión, tralo exame da documentación presentada, á conclusión de que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas Bases da convocatoria do programa reitor, polo tanto, conclúe que as puntuacións obtidas non se modifican, manténdose invariables as contías das subvencións concedidas.
- En data 07/02/2022 emítase informe favorable, asinado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación xunto aos demais membros da Comisión de Expertos do Programa REACPON, sinalando que os cambios introducidos no proxecto “non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos da Axenda 2030 nin ás políticas PANCA; non afectan á porcentaxe de aforro enerxético; non afectan ás autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez; e polo tanto, mantense a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria”. Ademais, tamén engade que o orzamento de licitación se incrementa nun 11,75%, o cal será financiado na súa totalidade polo Concello da Guarda, o 14/02/2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que “os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo ós criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria” e o 14/02/2022 a Intervención provincial informou favorablemente a modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).

## **Consideracións xurídicas**

### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión





económica que lle corresponde realizar á Intervención.

- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa REACPON, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a



Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

### **Competencia para resolver**

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### **CONCLUSIÓNS**

O proxecto reformulado presentado polo Concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 19 de xaneiro de 2022) non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación e demais membros da Comisión de Expertos informaron favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O Concello asume o compromiso de cofinanciamento do aumento do orzamento do investimento (196.643,58€), incrementándose a achega municipal ata 1.260.994,79€ e manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa REACPON e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de Persoas Expertas de 02/02/2022 (CSV: 0S7G8USSNSB3Q6E4), o informe do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación e demais membros da Comisión de Expertos (CSV: 17YD2EYHCGR8Z41J), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 08/02/2022 (CSV: TRU89ZANQ4IO8GOL), o informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención (CSV: ZMHWDAQRNUN6BG14) o informe de Intervención de 14/02/2022 (CSV: IPZVGNOKH6U2DCXT), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 18/02/2022 (CSV: SSVLW5DCAHBIRKMR), o Pleno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto reformulado presentado polo Concello da Guarda da actuación “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA”, ao abeiro do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Guarda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.7749.- **RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE RIBADUMIA Á SÚA EXCLUSIÓN DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPT. 2021040014)**

Sra. Presidenta.- Nos puntos 6, 7 e 8 que había un acordo de que se debaterá de forma conxunta, hai unha petición rexistrada hoxe mesmo no que o Partido Popular solicita a retirada dos puntos 6, 7 e 8 da orde do día do Pleno, e polo hai que someter a votación esta petición. ¿Votos a favor da petición de retirada dos puntos 6, 7 e 8 que tratan da Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de Ribadumia; no punto 7 Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaio e no punto 8 Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de O Porriño. Someto a votación a petición do Partido Popular. ¿Votos a favor de que se retiren estes 3 puntos? ¿Votos en contra? Queda rexeitado por 15 votos en contra e 11, están todos vostedes, ¿non, Sr. Cubela? e 11 a favor. Polo tanto imos a debater sobre estes 3 puntos de forma



conxunta por acordo dos voceiros dos Grupos provinciais. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta de nuevo. El Plan Reacon recibió numerosas propuestas de los concellos de esta provincia para inversiones de movilidad amable y segura y en equipamiento municipal. Como todos ustedes saben finalmente serán 47 los concellos beneficiarios y sólo se descartaron 8 por no llegar a la puntuación mínima exigida o por no cumplir las condiciones de la convocatoria. De estos 8, precisamente, se traen a este pleno los 3 que presentaron recurso y ahora corresponde darles respuesta, respuesta que debe de ser aprobada en este Pleno, al ser el órgano competente que dictó la aprobación del plan y de la concesión de las subvenciones. Quiero poner mucho énfasis en que en todo caso indicar que la resolución de estos recursos fue expuesta desde un punto de vista estrictamente técnico siguiendo la línea de trabajo del Plan Reacon en el que ningún sólo político ha participado en la comisión de expertos que evaluó estos proyectos. Estamos por tanto ante 3 propuestas de resolución que sometemos a este Pleno de carácter estrictamente técnico y que debemos, insisto, de someter a votación. Muy brevemente, diríamos que en el caso del Concello de Porriño, el recurso y el motivo de su desestimación es que el recurso formulado, fue formulado fuera de plazo y, por lo tanto no procede entrar en el fondo, se inadmite por presentarse después del plazo de un mes que se establece en la Ley 39/2015. En el caso del Concello de Ribadumia se desestima porque no se acreditó la titularidad o derecho de uso de concesión sobre los terrenos sobre los que se ejecutaría el proyecto, los terrenos son una carretera provincial sobre la que ni siquiera solicitaron la cesión. Los técnicos provinciales razonan que el uso esgrimido por el Concello es en realidad una competencia atribuida por la Ley de Estradas de Galicia por la que corresponde a los concellos la conservación y el mantenimiento de los elementos de dominio público viario que no forman parte de la carretera ni de sus elementos funcionales. Y finalmente, también de forma muy breve y esquemática, en el caso del Concello de Soutomaior, el Concello, primero afirmar que quedó fuera por la puntuación, alegan desde el Concello que en el recurso se les puntuó incorrectamente pero los técnicos razonan en la propuesta de resolución que los proyectos se valoraron todos en términos de absoluta homogeneidad para todos los participantes. Como segunda cuestión que se plantea es que este Concello avanzó en la tramitación de la licitación sin que tuvieran los informes sectoriales favorables, por lo tanto incumpliendo lo dispuesto en los artículos 144 y 147 de la Ley de Patrimonio Cultural de Galicia, y es evidente que desde esta Diputación no podemos dejar de lado la aplicación de



esta legislación. Finalmente también se alega la falta de motivación que también por parte de los técnicos de nuestra Diputación se rebate que por dictarse el acuerdo impugnado en aplicación de las bases reguladoras de la convocatoria. Esta es la parte genérica diríamos y la parte específica de cada uno de los 3 recursos de reposición que sometemos a aprobación de este pleno para su desestimación. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Eu quería facer un par de reflexións que creo que son sumamente importantes. Cando esta Deputación funcionaba según o dedo magnífico ningún concello se atrevía a presentar ningún recurso, porque igual resulta que o dedo magnífico non iba a conseguir a partir de aí nada, nada de nada, e o saneo democrático que se fixo nesta Diputación que nin o Presidente e moito menos eu temos nin un euro de libre designación en que todo vai por bases ou o que sea fai que os concellos poidan recurrir libremente e fan ben, non pasa nada, non lle vai a pasar absolutamente nada. Neste caso témome que hai, o que hai é que hai unha convocatoria, hai que facer os proxectos ben, entón cara ós seus propios veciños ou a oposición municipal, pois, dicir que “os funcionarios que valoraron dentro da Diputación os proxectos pois enganáronse”, “eu fíxeno ben, eu fíxeno ben porque eu son moi bo” bueno eu creo que hai máis que nada unha cobertura de, ¿non?, de cubrirse as espaldas e dicir, pois mira, pois claro nunha administración e un alcalde, unha alcaldesa, pois dicir mira, fíxérono mal, igual non foi culpa miña foi culpa do técnico, bueno, pero fíxémolo mal ou fíxémolo peor que outros pois costa, costa admitilos. Pero sexa o motivo que sexa, pois seguiremos, os funcionarios aquí din, dinnos que non é admisible, que estaba ben feito, é un recurso de reposición, bueno, pois nós vamos a seguir, vamos a seguir o que nos din os funcionarios; o que non vale é: os funcionarios son magníficos cando me dan a razón e non son magníficos cando non ma dan, eso non vale, ¿non?, e neste caso pois é estritamente, xa o dixo Font, é estritamente unha valoración técnica por parte de funcionarios que analizando os expedientes deron esa puntuación e os concellos teñen dereito a recurrir e afortunadamente non teñen medo a recurrir, recurren, tramítase e bueno, pois sairá, sairá o que sala, o que podemos asegurar é que intervención política houbo cero, cero; e polo tanto, bueno, pois creo que é mellor resolvelo xa, e bueno, e se estiman que queren ir ó xulgado ou a onde queiran ir, o que en dereito lle corresponda pero con eso, coa, coa importancia de que saben que van a seguir sendo tratados igual. Os veciños



non teñen culpa de que un alcalde, alcaldesa, una corporación o fixera mellor ou o fixera peor ou que teñan, incluso como sufriu algún concello, algún, ó fronte, a unha persoa que se dedica a insultar ou a tensar a corda ou intentala con esta Diputación, saben que o vamos a tratar igual, exactamente igual que eu creo que é algo que hai que poñer en valor e o outro pois é unha cuestión administrativa que se resolverá como teña que resolverse e creo que é unha, vamos, debe de haber poucas administracións, poucas, no que un concello se atreva a presentarlle un recurso porque dunha maneira ou outra teme saír trasquilado. E aquí non sucede eso, que pa min é un auténtico orgullo, o sea, non é ningunha pexa nin ningún afeal que os concellos teñan, que sepan, que poidan recurrir con razón ou sin ela, os funcionarios din que sin ela e non teñan ningún medo, eso non está sucedendo case en ningún lado, o cal é un vicio, unha perversión do que é a democracia e os dereitos que ten cada quen. Eso é o que quería poñer en valor porque creo que é importante e hai que poñelo, hai que poñelo en valor. Creo que é un orgullo que eso suceda, que os concellos recurran, que non teñan medo a que, a que en fin, por outro lado me van a ..., non, non vamos a ir por outro lado a nada van a disfrutar porque entendemos que as actuacións que pode ter unha corporación, un alcalde, unha alcaldesa, non teñen porque pagala os veciños.

Sra. Presidenta.- Gracias. Sr. Font. ¿Vai intervir o Partido Popular? Pois, ten a palabra o Partido Popular para fixar a súa posición.

Sr. Lorenzo Alonso.- Si, bos días. Bueno, pois aquí estamos ante 3 recursos de reposición feitos por 3 concellos distintos, que tamén, pois entren 3 recursos de maneira distinta, por conceptos distintos, pero que está claro que nós que entendemos que máis alá do fondo de cada un dos recursos a nosa petición de que quedara, pois, este punto sobre a mesa ou a retirada destes 3 puntos da orde do día porque entendemos que se están vulnerando os dereitos fundamentais dos deputados provinciais. Os deputados provinciais solicitaron varias veces e tamén nas Comisións Informativas o acceso ó expediente completo, e así tamén como lle consta ó Secretario provincial hasta hoxe en día, pois non tivemos acceso a esa documentación completa, que entendemos que ten que ser necesaria para exercer a nosa función como deputados provinciais e para que poidamos examinar os expedientes completos de cada un dos concellos e do programa completo, do Programa Reacon. Porque entendemos que existe un agravio, entendemos que hai concellos que se lle foi concedida pois dita subvención sin cumprir as bases e que a outros concellos se está excluindo por esas mesmas bases que hoxe en día,



pois están traendo aquí os recursos de reposición e se están inadmitindo por parte da Deputación provincial. Dito isto, en algún deses recursos, no referente ó Concello do Porriño, foi excluído do Programa Reacon por non acadar os puntos necesarios o seu proxecto elaborado no ano 2021. Se presentou tamén por parte do Concello do Porriño 3 solicitudes, de ver tamén o expediente completo sin ser atendidas ditas peticións a pesares de ser un dos puntos deste Pleno provincial, hoxe en día, nos que nin os propios deputados, como dixen antes, tivemos acceso e así lle consta, como dixen tamén antes, ó propio Secretario que lle expresei anteriormente. Se presenta un recurso de reposición por parte do Concello do Porriño contra esta exclusión do proxecto, sin ter acceso a expediente ningún, a pesar de non ter acceso se presentou recurso de reposición, dito recurso se inadmite por indicarse que é extemporáneo, porque está feito fóra de prazo. Ese último día era o día 20, o día 20 de xaneiro, día na que o propio Concello do Porriño rexistra de saída, existindo a interoperabilidade entre as distintas administracións, debería ser o día de presentación, pero a Deputación de Pontevedra fai a apertura de dito recurso o día 21 de xaneiro, o día despois, polo que entendemos, entende esta Deputación de Pontevedra que está fóra de prazo. Nós pedimos, unha vez máis, que dito punto se retire da orde do día porque entendemos que todos os deputados e deputadas de esta Deputación provincial deben e teñen o dereito de ver o expediente completo para así facer as alegacións correspondentes e determinar o acordo plenario que se teña que levar e que se admita o recurso que corresponda pero sempre e cando teñamos o acceso ó expediente completo como así pedimos en reiteradas ocasións. Moitas grazas.

Sra. Presidenta.- Ben, finalizado o debate eu vou a someter a votación cada un dos puntos por separado. 6, Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de Ribadumia. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor.

No punto 7. Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaior. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor, 11 en contra.

No punto 8. Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de O Porriño ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor e 11 en contra.



## I. ANTECEDENTES

1.- Mediante rexistro web2022001594 de data 17/01/2022 o Concello de Ribadumia presentou escrito de recurso de reposición contra o acordo nº 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17 de decembro de 2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido Concello en atención a *“Non dispoñer da titularidade dos terreos ou dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña unha duración indefinida, xa que a actuación que se pretende realizar afecta a un viario de titularidade provincial (apartado 1 da base 6ª)”*.

2.- O petionario solicita que se adopte unha nova resolución pola que se acorde a revogación da exclusión da súa solicite, deixándoa nula e sen efecto neste aspecto, e en consecuencia se acorde a súa aprobación e entrega da subvención solicitada.

3.- Acompañaba ao escrito do recurso de reposición un informe do Arquitecto municipal no que indica que *“Respecto do estado actual e do uso que o concello vén realizando nos últimos anos sobre a estrada EP-9506, pode indicarse o seguinte:*

- *Que o concello é o organismo que se encarga da realización de labores periódicas de limpeza e mantemento das beirarrúas e zona de aparcadoiro (e incluso de ser necesario de maneira puntual, na limpeza da calzada), dada a necesidade de limpeza inherente a unha rúa que se atopa na contorna do centro escolar de referencia do municipio e dunha instalación deportiva municipal de uso distinto.*
- *Que o concello conta con redes de instalación municipais de servizo na vía (servizo de alumado público, saneamento e abastecemento de auga), sendo o propio concello quen se encarga do seu mantemento así coma da reparación das incidencias sobre as mesmas.*
- *Que o concello realiza actuacións puntuais de delimitación e pintado das prazas de aparcadoiro na vía.*
- *Que o concello vén de realizar unha inversión coa actuación de substitución do sistema de alumado público na citada vía, por un sistema de iluminación LED de maior rendemento e eficiencia, en base á convocatoria do IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía)”*.

4.- No mesmo día 17/01/2022, o Concello de Ribadumia presenta escrito de ampliación do recurso de reposición mediante rexistro web2022001645, achegando unha resolución do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da propia Deputación de data 12/11/2019 destinada a unha comunidade de veciños de Cambados sita na EP-9302 Xil-Cobas-Barrantes, na que se recolle que *“En*





*resposta ao seu escrito informámoslle que a regulación do estacionamento en zona urbana é competencia municipal, polo que non é posible atender a súa petición”.*

5.- No expediente nº 2021040014 tramitado para a solicitude do Concello de Ribadumia ao abeiro do Programa REACPON “Proxecto de urbanización para ampliación e recuperación dos espazos públicos na contorna dos centros escolares e deportivos de Barrantes. Ribadumia-Pontevedra”, consta que en efecto a actuación terá lugar na estrada provincial EP-9506 Barrantes. Vilariño, e na súa zona de afección.

6.- No BOPPO núm. 49 de 12/03/2021 publicouse o catálogo de estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra a 01/01/2021, e nel consta a estrada EP-9506 Barrantes-Vilariño (Ribadumia).

7.- Consta nas actuacións, mediante oficio de data 18/01/2022 no que se solicita informe ao Servizo de Infraestruturas da Deputación relativo á constatación da titularidade dos viarios nos que se pretende desenvolver o investimento e, así mesmo, os usos e actuacións que a Deputación de Pontevedra pode autorizar en caso de ser os viarios de titularidade provincial. Non en tanto tamén se interesou o preceptivo informe xurídico á Secretaría Xeral, con resultado que obra nas actuacións en orde a desestimar o recurso interposto.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Regulamento UE 2020/852, do Parlamento Europeo e o do Consello de 18 de xuño 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Estradas de Galicia.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

### **Consideracións xurídicas**

1.- En primeiro lugar cómpre precisar que o artigo 118 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) dispón que non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente, cando podendo aportalos no trámite de alegacións non o tivera feito. E no artigo 112 a mesma Lei, esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo.

2.- Acontece que, por unha banda, non se invoca nin se aprecia vicio de nulidade ou anulabilidade algún. E aínda que é certo que a resolución que se impugna é desfavorable ao Concello de Ribadumia por canto foi excluído da concesión do Programa REACPON, esta circunstancia ten que vir sustentada en algunha das causas de invalidez. Emporiso pode entenderse, que en realidade, o que se combate polo ente municipal é a interpretación e aplicación que o órgano



concedente provincial fai da titularidade ou dispoñibilidade dos terreos nos que se localizaría o investimento a subvencionar.

3.- Por outra banda, e conectado co anterior, as alegacións agora esgrimidas polo Arquitecto municipal non deixan de ser reiteración ou reprodución do que xa consta no expediente orixinario. Ao igual que o documento que acompaña a ampliación do recurso, que leva data de 12/11/2019, sendo anterior a propia resolución do Programa REACPON. É dicir, estas novas alegacións e documentación en nada fan desmerecer a causa pola cal se acordou excluír ao Concello da concesión. A actuación segue a ser nunha estrada provincial.

4.- Non se discute que o Concello leve a cabo actuacións de índole local e de competencia municipal na referida estrada ou na súa zona de afección, e que teña acadada a pertinente autorización da Deputación para levalas a cabo.

5.- As estradas dos entes locais como as das deputacións provinciais aparecen reguladas na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, artigo 2. Esta norma claro que lle atribúe competencia aos concellos, en concreto no seu artigo 33.7, dicindo que *“lles corresponderá aos concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”*, porque como tamén precisa a Lei de Bases de Réxime Local 7/1985, de 2 de abril, no artigo 25.2.g) é competencia dos municipios *“Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade”* xunto ó artigo 26.1 que reitera que os municipios deben prestar en todo caso o servizo de acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas.

6.- Sen embargo, baixo ningún pretexto se pode identificar competencia con titularidade, nin tendo autorización para o exercicio da competencia local, xa cando como apunta o artigo 49 da mesma Lei de Estradas de Galicia, *“as autorizacións outórganse a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, (...)”*, porque unha cousa é ter un uso autorizado e outra moi distinta é ter un uso cedido. Non é posible equiparalos tal e como aclara o artigo que acabamos de transcribir.

7.- Autorizar só supón a posibilidade de actuar con permiso, pero ao mesmo tempo supón que a administración autorizante pode en calquera momento



revogar unilateralmente aquela autorización (apartado 5 do artigo citado 49). Obviamente non é posible conceder unha subvención para unha actuación na que cabe esta eventual revogación.

8.- O Programa REACPON, na Base Reguladora 6.1, en efecto, exclúe as solicitudes que non dispoñan da titularidade dos terreos ou dun treito de uso ou cesión sobre estes. Demanda un negocio traslativo da titularidade ou do aproveitamento do ente titular a prol do ente municipal. Negócio xurídico que non consta nas actuacións, nin nas actuais alegacións que acompañan ao recurso de reposición e a súa ampliación. Que a estrada estea inxertada nun tramo urbano da vila só favorece que se chegue a forxar a súa cesión, pero mentres isto non teña lugar, a estrada segue a ser da Deputación e mantense por igual a causa de exclusión.

9.- E se aos demais participantes no procedemento de concorrencia competitiva se lles pediu acreditar este requisito, cabe entender que de igual cumprimento lle é de esixencia ao Concello de Ribadumia. Polo que senón consta que se teña nin solicitado nin tramitado un expediente de cambio de titularidade na estrada provincial, tal e como prescribe o artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Estradas de Galicia (tamén aplicable ás estradas dos entes locais), e seguindo o exposto polos informes do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias xunto ó informe da Secretaría Xeral, cómpre concluír que o vial en cuestión segue a ser de titularidade da mesma Deputación. E non constando que o Concello de Ribadumia ostente título algún que lle permita cumprir co disposto nas Bases Reguladoras a consecuencia tan natural como legal é a súa exclusión do Programa REACPON.

### III.- RÉXIME COMPETENCIAL

De acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, no caso o Pleno da Deputación Provincial.

### CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Ribadumia xunto á súa ampliación contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido Concello en



atención a “*Non dispoñer da titularidade dos terreos ou dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña unha duración indefinida, xa que a actuación que se pretende realizar afecta a un viario de titularidade provincial (apartado 1 da Base Reguladora 6ª)*”, do Programa REACPON, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión a cal chega, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2022, e vistos os informes da Xefa de Servicio de Cooperación (CSV:BK53VCUT4OGKIKSQ), da Secretaría Xeral (CSV:O9L8XEBWVPULQKRB), e do Director de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 21/01/2022, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 18/02/2022, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- Aprobar a desestimación do recurso de reposición coa súa ampliación, interposto polo Concello de Ribadumia contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello de Ribadumia atención a “*Non dispoñer da titularidade dos terreos ou dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña unha duración indefinida, xa que a actuación que se pretende realizar afecta a un viario de titularidade provincial (apartado 1 da Base Reguladora 6ª)*” do Programa REACPON, confirmando o decidido na súa integridade.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Ribadumia, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.7750.- **RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR Á SÚA EXCLUSIÓN DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021039790)**

Este punto foi debatido conxuntamente cos puntos 6 e 8.

Sra. Presidenta.- Ben, finalizado o debate eu vou a someter a votación cada un dos puntos por separado. ... No punto 7. Resolución do recurso de reposición



interposto polo Concello de Soutomaior. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor, 11 en contra. ...

## I.- ANTECEDENTES

Mediante rexistro web2022002189 de data 20/01/2022 o Concello de Soutomaior presentou escrito de recurso de reposición contra o acordo nº 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17 de decembro de 2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do proxecto deste Concello “Humanización da praza de Cimadevila á rúa Rosalía de Castro, Arcade, Camiño de Santiago, Tramo 1” (Expediente nº 2021039790) por canto non acadaba o 50 % da puntuación total.

O peticionario solicita que se revogue parcialmente a resolución impugnada, por falta de motivación, e se proceda a ditar unha nova na que se acorde por ter estimada a solicitude de subvención presentada polo Concello de Soutomaior.

No expediente nº 2021025615 tramitado para a concesión en concorrència competitiva do Programa REACPON consta que o ente municipal impugnante acadou un total de 43,25 puntos. Chegando a esta cifra por obter na base 6.2.a) 10 puntos; na 6.2.b) 1,25 puntos; na 6.2.c) 27,00 puntos; e na 6.2.d) 5,00 puntos.

E no expediente nº 2021039790 de Soutomaior consta o informe do técnico facultativo integrante da Comisión de Expertos que puntuou os proxectos presentados, explicitando os criterios de puntuación aplicados e obtidos polo proxecto do Concello de Soutomaior.

Tamén consta informe da Secretaría Xeral no que presta conformidade ao informe de Cooperación relativo á desestimación do recurso de reposición interposto.

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro de Solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 1 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Regulamento UE 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de decembro, que aproba as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transición e Resiliencia.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

### **Consideracións xurídicas**

1.- En primeiro lugar cómpre precisar que o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) esixe que o recurso se fundamente en calquera dos motivos de



nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do referido texto normativo. O Concello de Soutomaior invoca a vulneración da Base Sexta do Programa REACPON, xunto cos artigos 25 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e 23.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por unha banda, e por outra a Base Sétima apartado primeiro das reguladoras da convocatoria, cos artigos 25. 2º LXS e 35 LPACAP.

2.- A Base Sexta do Programa REACPON (publicado no BOPPO nº 102 de data 01/06/2021) apunta os criterios de valoración de xeito que son catro; a primeira que leva a letra a), é “Madurez do proxecto, que deberá acreditarse documentalmente, ata 30 puntos”. Para chegar aos 30 puntos a Base Reguladora vai indicando distintos banzos de menor a maior. Así:

- “Por non ter solicitadas as autorizacións sectoriais e ser estas necesarias: 0 puntos”.
- “Por ter solicitadas as autorizacións sectoriais: 10 puntos”.
- “Por dispoñer das autorizacións sectoriais ou non ser necesarias, pero non estar aínda listo para licitar: 20 puntos”.
- “Por estar aprobado o proxecto polo órgano competente e constar expresamente que está completo e listo para licitar: 25 puntos”.
- “Por estar aprobada polo órgano competente a licitación: 28 puntos”.
- “Por estar aprobada polo órgano competente e ter publicada a licitación: 30 puntos”.

Ademais, a devandita Base Reguladora tamén precisa que estas puntuacións non son acumulables, de maneira que se lle asignará unicamente a puntuación correspondente á fase máis avanzada acreditada.

3.- O Concello de Soutomaior considera que si que acreditou a correspondente aprobación da licitación, sen marxinar que a propia Deputación podería ter exercitado a posibilidade da propia Base Reguladora 6ª de requirilo para constatalo, e que emporiso, aínda que non foi requirida, cunha recta aplicación daquela Base 6ª, lle correspondería unha puntuación maior de modo que superaría o 50 % da puntuación total.

4.- O proxecto presentado “Humanización da praza de Cimadevila a rúa Rosalía de Castro, Arcade, Camiño de Santiago, Tramo 1” precisa de autorizacións sectoriais, en concreto da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a cal foi pedida a este organismo en data 28/07/2021 segundo rexistro que forma parte da documentación da solicitude, malia que o Concello manifeste que ten





aprobado o proxecto e a licitación. En consecuencia, esta Administración Provincial, no intre de puntuar o disposto na Base 6.2.a) e seguindo un criterio absolutamente homoxéneo para todos os participantes, só se lle poido outorgar 10 puntos. A maior afondamento, se non se teñen concedidas as autorizacións sectoriais non se pode aprobar o proxecto nin a licitación, tal e como indican como paso previo os artigos 144.4 e 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e o artigo 39.2 da Lei 5/2016, de 1 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia. A Deputación Provincial non pode deixar de lado a aplicación da lexislación en beneficio de ningún participante.

5.- A introdución do Programa REACPON sinala que está deseñado para dar cumprimento a tres finalidades, sendo unha delas, a de avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation. Estes fondos teñen un marco establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, xunto o RD-Lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transición e Resiliencia.

6.- Tanto o Regulamento comunitario como o Decreto Lei citado, son contundentes en precisar que en caso de non realizarse o gasto en prazo, os fondos haberán de reintegrarse, e para acelerar a execución dentro do prazo existe esa Base Reguladora 6ª punto 2.a), que outorga 30 puntos polo grado de madurez. Velaí que non se poden compartir os argumentos do Concello de Soutomaior, xa cando o seu proxecto non ten garantías de certidume ata que non obteña a autorización sectorial de Patrimonio.

7.- Seguindo coa puntuación dada nos apartados b), c) e d) da mesma Base Reguladora 6ª punto 2, para as cales o ente municipal impugnante obtivo 1,25 puntos, 27,00 puntos, e 5,00 puntos respectivamente, non se indica no corpo do recurso de reposición unha valoración distinta a esta nin os criterios polos cales procedería outra avaliación. Limitase o Concello a invocar xenericamente que xa aportou a pertinente xustificación técnica acreditativa da calidade mesma do documento presentado. Este extremo é rebatido polo informe do Técnico facultativo integrante da Comisión de Expertos, onde se argumentan estas puntuacións. Ademais cómpre indicar que o Concello ten acceso ao expediente



de forma que pode concretar en que non está de acordo, ou onde se aprecian erros metodolóxicos, cousa que non fixo.

8.- Así, no apartado 6.2.b), os puntos acadados son 1,25, pois o proxecto segue a combinar e manter a presenza do tráfico rodado, malia que se propón a súa redución. Cando neste apartado o que se prima é a contribución a unha economía descarbonizada e os usos exclusivamente peonil do espazo. Polo que esta puntuación é a máis acaída á proposta presentada.

9.- No seguinte apartado 6.2.c) a puntuación é superior, é de 27,00 puntos, destacándose a calidade do proxecto e entendendo que é conteste ao estar moi preto da puntuación máxima. Pero non chega aos trinta puntos, porque non acadada na súa totalidade o grado superlativo que sería posible.

10.- En canto ó apartado que resta, o 6.2.d), obtivo 5,00 puntos fronte aos 10 dos posibles. Esta derradeira puntuación obedece, segundo a memoria presentada, ao grado de contribución na consecución e realización dos obxectivos fixados na Axenda 2030, nas políticas Panca.

11.- Outras das razóns nas que se apoia o recurso exercitado é a falta de motivación esixida polo artigo 35 da LPACAP e 25.2 da LXS, ademais do artigo 23.2 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia. O deber de motivación equivale a cumprir a obriga de toda administración pública de dar a coñecer a fundamentación legal e técnica na que se apoia a resolución que decide a concesión, e identificar aos beneficiarios co investimento. Esta fundamentación pode vir mediante a aplicación de fórmulas aritméticas ou por un sistema de puntuación, explicado e publicado antes coas Bases Reguladoras e a Convocatoria, polo que a aplicación das mesmas e indicado a porcentaxe por debaixo da cal non se dá por superada a concesión xunto as razóns de por que non son superiores, xa dá por cumprido o deber de motivar. Non hai arbitrariedade nin falta de transparencia por aplicar uns valores xa coñecidos, o que hai é discrepancia co resultado dun dos concellos participantes, e a discrepancia ou o parecer diferente á do órgano concedente non é un motivo de invalidez nin tampouco unha causa que motive un recurso ordinario e potestativo como o de reposición.

### III. RÉXIME COMPETENCIAL



De acordo co establecido no artigo 123 da lei 39/2015, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, no caso o Pleno da Deputación.

## CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse desestimar o recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaior contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido Concello do Programa REACPON en atención a que non acadou o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto a conclusión a cal chega, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2022, e vistos os informes da Xefa de Servizo de Cooperación (CSV: T3946XJJO34APWQ9), da Secretaría Xeral (CSV: QAXUX62ERIZDRXTT), e do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación integrante da Comisión de Expertos (CSV: 0ZARM0LAI2P6LH23), e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 18/02/2022, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- Aprobar a desestimación do recurso de reposición interposto polo Concello de Soutomaior contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do Concello de Soutomaior do Programa REACPON en atención a que non acadaba o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Soutomaior, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.7751.- **RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE O PORRIÑO Á SÚA EXCLUSIÓN DO PROGRAMA REACPON**



**(REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040022)**

Este punto foi debatido conxuntamente co punto 6 e 7.

Sra. Presidenta.- Ben, finalizado o debate eu vou a someter a votación cada un dos puntos por separado. ... No punto 8. Resolución do recurso de reposición interposto polo Concello de O Porriño ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobado por 15 votos a favor e 11 en contra.

**I.- ANTECEDENTES**

Mediante rexistro N° 2022001531 de data 21/01/2022 o Concello de O Porriño presentou escrito de interposición de recurso de reposición contra o acordo n° 4.7719 do Pleno da Deputación do día 17/12/2021, no que se resolvía a súa exclusión da concesión de subvencións ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación Post-Covid 19 “Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)” (Expediente 2021025615), por non acadar o 50% da puntuación total.

Consta nas actuacións, que o Concello de O Porriño accedeu á notificación do acordo do Pleno agora impugnado en data 20/12/2021.

Dando traslado á Secretaría Xeral informouse pola mesma indicando que a presentación do recurso de reposición fóra de prazo ten como consecuencia a súa inadmisión en vía administrativa.

**II. FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Regulamento UE 2020/852, do Parlamento Europeo e o do Consello de 18 de xuño 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

### **Consideracións xurídicas**

1.- O artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) dispón que os termos e prazos establecidos en esta ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos. A Lei establece a obrigatoriedade dos termos e dos prazos como unha ferramenta para garantir unha eficiente e eficaz xestión dos asuntos públicos e o cumprimento dos trámites do procedemento.

2.- De acordo co artigo 124 da LPACAP o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto foi expreso. E o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.



3.- O artigo 30 LPACAP no seu apartado 4 precisa que se o prazo se fixa en meses, este se computará a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. O prazo concluirá no mesmo día no que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou o ano de vencemento.

4.- Seguindo os preceptos expostos, resulta que a interposición do recurso de reposición realizada polo concello de O Porriño está fóra de prazo xa que se verificou ao día seguinte de terse concluído o prazo legal. Logo, dáse unha causa de inadmisión a trámite, impedindo entrar no fondo do asunto impugnado.

5.- A regulación actual dos prazos perante as Administracións Públicas xa sinalou no seu momento (Exposición de Motivos da Lei 39/2015) que, como principal novidade, destaca a introdución do cómputo de prazos por horas e a declaración dos sábados como días inhábiles, unificando de este xeito o cómputo de prazos no ámbito xudicial e o administrativo, ademais de conservar o cómputo de mes a mes para o caso de ser o prazo por meses e non por días. Previsión que outrora establecera a anterior Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

6.- O artigo 12 do Regulamento da Administración Electrónica da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 5 de 09/01/2015) precisa que o rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra foi creado para a recepción e remisión dos escritos, solicitudes e comunicacións que se tramitan por medios electrónicos, que poderá realizarse todos os días do ano, durante as vinte e catro horas, sen prexuízo das interrupcións, polo tempo imprescindible, cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo, das que se informará no propio rexistro e na sede electrónica.

7.- E non constando interrupción algunha que xerara indefensión ou impedise o funcionamento habitual do rexistro da Deputación no día 20 de xaneiro de 2022, que era o día final ou *ad quem*, a presentación do escrito do recurso de reposición do día 21, resulta ser, sen albergar ningunha dúbida, extemporáneo.

### III. RÉXIME COMPETENCIAL



De acordo co establecido no artigo 123 da lei 39/2015, a competencia para resolver é a do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, no caso o Pleno da Deputación.

## CONCLUSIÓN

Polo exposto, propónse a inadmisión a trámite por extemporáneo do recurso de reposición interposto polo concello de O Porriño contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do referido Concello do Programa REACPON en atención a non acadar o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, xunto á conclusión a cal chega, no exercicio das competencias recollidas no art. 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do orzamento para o exercicio 2022, e vistos os informes da Xefa de Servizo de Cooperación (CSV: FRE8H9QOFLRCFNKB), da Secretaría Xeral (CSV: A9S5NGMLM8OH2BDO), e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 18/02/2022, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP:

- Aprobar a inadmisión a trámite por extemporáneo do recurso de reposición interposto polo concello de O Porriño contra o acordo número 4.7719 do Pleno da Deputación Provincial da sesión extraordinaria de 17/12/2021 no que se acordaba, entre outros extremos, a exclusión do concello de O Porriño do Programa REACPON, en atención a non acadar o cincuenta por cento da puntuación total, confirmando o decidido na súa integridade.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Porriño, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.7752.- **ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN Á “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE COMISIONADOS DE FILMACIONES, CINE Y TELEVISIÓN” (SPAIN FILM COMMISSION) (EXPTE. 2022001439)**



Sra. Presidenta.- Pasamos o punto 9 da orde do día. Adhesión da Deputación á “Asociación Española de Comisionados de Filmacións, Cine e Televisión (Spain Film Commission) ¿Hai algunha observación? Pois a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A provincia de Pontevedra conta con espazos de alto valor paisaxístico e monumental, entre outros, que poden converter o territorio nun escenario de rodaxe de series de televisión, películas e calquera outra produción audiovisual.

Para acadar que a provincia de Pontevedra se converta en escenario destas producións resulta imprescindible a implementación de políticas públicas que poñan en valor os recursos do territorio e potencien o labor de mediación da Administración Pública con competencias na materia coas empresas de produción audiovisual.

Esta labor de intermediación realízase, tradicionalmente, a través das “comisións de cine” ou “film commissions”. As primeiras Film Commissions foron creadas na década dos anos 40 do século XX en Estados Unidos co fin de facilitar ás produtoras de cine a elección de localizacións alternativas aos decorados dos estudos tradicionais, alcanzando un gran desenvolvemento nos últimos anos do século.

As Film Commissions teñen como obxectivo converter un territorio nun espazo de rodaxe para producións audiovisuais, como películas, series, curtametraxes, spots publicitarios ou calquera outro produto con contido audiovisual. Para acadar este fin é fundamental a posta en valor non so dos recursos naturais ou monumentais, senón tamén dos recursos técnicos e humanos cos que conta o territorio para que a rodaxe poda desenvolverse de forma óptima.

Así, unha Film Commission é unha entidade ou departamento vinculado a unha Administración Pública que ofrece servizos de mediación en materia audiovisual a profesionais do sector co fin de promocionar o territorio a través de contidos, xerando beneficios na industria turística e na audiovisual a través da coordinación de accións conxuntas. A principal acción dunha Film Commission é, polo tanto, prestar apoio de produtoras audiovisuais dende o momento en que esta pon de





manifesto o seu interese pola rodaxe en algunha das localizacións que forman parte do territorio da súa competencia. Con este obxectivo, a Film Commission actúa ofrecendo as localizacións apropiadas para as necesidades do guión, facilita a tramitación dos permisos necesarios para a rodaxe, informa sobre os recursos técnicos e persoais dispoñibles na zona e presta outros servizos de apoio.

**Segundo.-** Mediante resolución presidencial RP2021007859 de 29 de decembro de 2021 a Deputación de Pontevedra creou o departamento “Film Commission Pontevedra Provincia”, cos obxectivos de promocionar a provincia de Pontevedra, fomentar o seu desenvolvemento económico e social e promocionar a provincia como escenario de rodaxes de producións audiovisuais. Os servizos que se prestarán dende o departamento, dependente do Servizo de Turismo, son os seguintes:

- Ofrecer localizacións apropiadas da provincia de Pontevedra a empresas de produción audiovisual.
- Orientar na tramitación dos permisos necesarios para a rodaxe en municipios da provincia de Pontevedra.
- Informar sobre os recursos técnicos e persoais da provincia de Pontevedra para o desenvolvemento de producións audiovisuais, en especial sobre empresas e profesionais do sector que presten os seus servizos na provincia de Pontevedra.
- Colaborar na loxística de produción e postprodución audiovisual.
- Asesorar tecnicamente aos municipios da provincia de Pontevedra en localizacións e rodaxes.
- Mediar con outras Administracións Públicas para acadar os obxectivos.
- Prestar calquera outros servizos de apoio ás empresas de produción audiovisual, dentro das competencias da Deputación de Pontevedra.

**Terceiro.-** A Asociación Española de Comisionados de Filmaciones, Cine y Televisión – Spain Film Commission (en adiante, SPAIN FILM COMMISSION, con NIF G91136770) é unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito estatal que ten por obxecto representar, promover, coordinar e cooperar coa rede de Film Commissions” e Film Offices” que operen en España e que estean recoñecidas pola entidade, segundo establece o artigo terceiro dos estatutos da entidade.

**Cuarto.-** O artigo 4 dos estatutos da SPAIN FILM COMMISSION establece os obxectivos da asociación, entre os que destacan os seguintes:



- O establecemento de criterios comúns e liñas de actuación concertadas das diferentes Film Commissions e Film Offices que operen en distintas Comunidades Autónomas, provincias, comarcas ou cidades españolas.
- Tramitar, solicitar e recibir axudas económicas, subvencións e/ou bonificacións activadas polas diferentes Administracións Públicas, xa sexan de ámbito local, autonómico, nacional ou europeo, para o fomento e desenvolvemento do sector produtivo cinematográfico, audiovisual e multimedia.
- Actuación integral de fomento dos valores e patrimonio cultural e promoción do territorio como espazo escénico idóneo para a rodaxe e produción de todo tipo de obras cinematográficas e audiovisuais.
- Coordinar, cooperar e colaborar na acción desenvolvida por cada unha das Film Commissions e Film Offices na prestación efectiva de diversos tipos de servizos, como poden ser de apoio profesional, loxístico, administrativos, de xestión, empresariais, etc., así como o subministro de bens ás sociedades produtoras e/ou empresas auxiliares de calquera natureza xurídica que formen parte do sector audiovisual, entendido en sentido amplo, que operen no ámbito xeográfico da asociación.
- Rendibilización e optimización dos activos e recursos materiais, económicos e humanos das Film Commissions e Film Offices cuxos representantes formen parte da asociación.
- Participación da asociación como axente autónomo nos foros de debate, comisións de análise normativo, consellos reguladores do ámbito administrativo, institucións representativas, órganos públicos de decisión, etc., relacionados coa produción, distribución e/ou comercialización das obras cinematográficas e audiovisuais.

**Quinto.-** Para o cumprimento dos obxectivos o artigo 5 dos estatutos sinala que a asociación realizará actividades e prestará servizos entre os que se atopan os seguintes:

- Solicitar e tramitar axudas económicas, subvencións e/ou bonificacións ante as diferentes Administracións Públicas para o fomento e desenvolvemento do sector audiovisual.
- Colaborar coa rede de Film Commissions e Film Offices para a obtención dos distintos permisos e autorizacións para a realización de rodaxes, colaborando coas Administracións Públicas para a resolución de cantos conflitos se deriven das rodaxes, tales como autorizacións de rodaxe, autorización de ocupación de



- espazo público, autorización de servizos como cortes de tráfico, reservas de aparcamento, rodaxes en edificios públicos e alteración de mobiliario urbano.
- Actuar como enlace con produtoras, empresas de servizos para a produción, empresas auxiliares e profesionais do sector audiovisual, elaborando unha guía de produción periódica.
  - Subministro de información de interese para a realización de rodaxes.
  - Asesorar á rede na procura de localizacións.
  - Colaborar coas institucións públicas e privadas do turismo para rendibilizar turisticamente as rodaxes en España, elaborando mapas de cine, creando rutas cinematográficas e calquera iniciativa de promoción do turismo cinematográfico.
  - Promover misións inversas para que a industria nacional e internacional coñezan as localizacións de cada membro da rede.
  - Abrir un portal de internet que canalice as informacións necesarias para a captación de rodaxes a favor dos membros da rede.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** O artigo 7 dos estatutos da asociación SPAIN FILM COMMISSION establece que poderán ser membros da asociación todas as persoas físicas, con residencia habitual en España e plena capacidade de obrar, que ostenten a representación dalgunha das Film Commissions ou Film Offices que legalmente se estableceran ou se vaian establecer en territorio español e que acepten os estatutos, os acordos da xunta directiva, aboem a cota de inscrición e estean ao corrente de pago da cota anual.

O mesmo artigo sinala que se a Film Commission ten personalidade xurídica propia, ou se a entidade pública de quen dependa así o determina por acordo do órgano competente, será a Administración a que ostente a condición de socio e designará ao seu representante. Polo tanto, no caso de adhesión por parte da Deputación de Pontevedra, será esta a que ostente a condición de socio.

**Segundo.-** O artigo 8 dos estatutos establece que os requisitos para adquirir a condición de asociado, entre os que figuran o envío dunha solicitude á presidencia da afiliación e o pago da cota de inscrición establecida pola asemblea xeral.



Segundo consta na información remitida pola SPAIN FILM COMMISSION a cota de inscrición de entidades que pertencen á categoría de “Film Commission provincial” ascende a 4.000,00 € máis o 21% de IVE, o que supón un total de 4.840,00 €.

A cota anual ascende a 2.000,00 € máis o 21% de IVE, o que supón un total de 2.420,00 €.

A adhesión á SPAIN FILM COMMISSION implica tamén o posterior nomeamento dun representante da Deputación, que ostentará a condición de “film commissioner” e deberá superar un curso de formación impartido pola propia asociación cuxo custo ascende a 300,00 €.

Polo tanto, o gasto previsto para o ano 2022 será o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
Cota de inscrición	4.840,00 €	22/433.4320.209.00
Cota anual	2.420,00 €	22/433.4320.209.00
Matrícula do curso de formación	300,00 €	22/433.4320.226.99

Nos anos sucesivos, o gasto será o correspondente á cota anual, cuxo importe é acordado pola Asemblea Xeral, segundo dispón o artigo 7 dos estatutos da asociación. No seu caso, deberá de dotarse de crédito suficiente nas aplicacións correspondentes dado o seu carácter plurianual.

**Terceiro.-** Os dereitos dos asociados establécense no artigo 10 dos estatutos e, entre eles, destacan os seguintes:

- Participar no goberno e desenvolvemento da asociación, podendo elixir e ser elixido membro da xunta directiva, participando nos debates e votacións que se expoñan.
- Recibir información puntual sobre as actuacións desenvolvidas para o cumprimento dos fins da asociación.
- Solicitar da xunta directiva información sobre a marcha da asociación.
- Expoñer á xunta directiva as queixas e suxestións que crean convenientes para o efectivo cumprimento dos fins estatutarios e para o bo funcionamento da asociación.
- Dereito preferente nas actividades que desenvolva a asociación.



**Cuarto.-** Os deberes dos asociados establécense no artigo 11 dos estatutos e, entre eles, figuran os seguintes:

- Asistir á celebración da asemblea xeral.
- Participar activamente no desenvolvemento das actividades da asociación, colaborando ao prestixio da asociación e ao cumprimento dos seus fins.
- Contribuír ao sostemento da asociación mediante o pago da cota anual na contía que se determina pola asemblea xeral, debendo efectuarse no primeiro trimestre de cada ano.

**Quinto.-** No referente á regulación dos órganos sociais da asociación, o artigo 14 dos estatutos establece que a asemblea xeral é o órgano supremo de goberno e estará integrada por todos os socios. A condición de asociado concede ao seu titular o dereito, persoal e intransferible, a emitir un voto.

**Sexto.-** A Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece, no seu artigo 109, que compete ás Deputacións Provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, en consonancia co disposto no artigo 36.1.d) da LBRL, que establece que é unha competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste sentido, as actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Pontevedra, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

**Sétimo.-** Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións públicas serven con obxectividade aos intereses xerais e deberán respectar, na súa actuación, a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas se rexen, nas súas relacións, polos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.

A adhesión da Deputación de Pontevedra á SPAIN FILM COMMISSION é eficiente coa utilización de recursos públicos e eficaz para acadar os obxectivos



de desenvolvemento económico e social no referente a promoción da provincia como escenario de rodaxes para a creación de contido audiovisual e consecuente impacto positivo nos sectores económicos da provincia.

Resultando que consta no expediente informe de 17 de xaneiro de 2022 da Técnica de Administración, conformado pola Xefa do Servizo de Turismo e pola Deputada delegada de Turismo, sobre a adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra á “Asociación Española de Comisionados de Filmaciones, Cine y Televisión” (Spain Film Commission) no que sinala que tanto os obxectivos como as actividades que presta a SPAIN FILM COMMISSION considéranse apropiados e necesarios para o correcto desenvolvemento dos servizos prestados pola FILM COMMISSION PONTEVEDRA PROVINCIA (CSV: 5M2EMIP3QU3AZY9Z).

Resultando que consta no expediente informe favorable de Secretaría de 20 de xaneiro de 2022 (CSV: Y3QYZI5S0SK9XTFK).

Resultando que consta no expediente informe favorable de Intervención de 8 de febreiro de 2022 (CSV: O23I7ANRIB5TNND2), así como certificación de crédito nas aplicacións orzamentarias referidas mediante a emisión de documentos RC con número de operación 202200020763, 202200020762 e 202200020764, respectivamente.

Considerando que a competencia para a adhesión a organizacións asociativas corresponde ao Pleno da corporación provincial, mediante voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, segundo o disposto no artigo 47.2.g) da LRBRL.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por unanimidade:

**Primeiro.-** Aprobar a adhesión da Deputación Provincial de Pontevedra á “Asociación Española de Comisionados, Cine y Televisión” (Spain Film Commission), con NIF G91136770.

**Segundo.-** Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para que, en nome e representación da Corporación, proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.



**Terceiro.-** Autorizar os seguintes gastos:

- Cota de inscrición por importe de 4.840,00 € que se imputará á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/433.4320.209.00 (RC 202200020763).
- Cota anual do ano 2022 por importe de 2.420,00 € que se imputará á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/433.4320.209.00 (RC 202200020762).
- Matrícula do curso de formación por importe de 300,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 22/433.4320.226.99 (RC 202200020764).

**Cuarto.-** Autorizar o gasto da cota anual dos anos sucesivos, que quedará condicionado á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións correspondentes.

10.7753.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE REDONDELA DA EP-2903 REDONDELA-CATAPEIXE E DA EP-2905 ACCESO A AREALONGA (EXPTE. 2020018363)**

Sra. Presidenta.- No punto 10 da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Redondela da estrada provincial 2903 Redondela-Catapeixe e da estrada provincial 2905 acceso a Arealonga. ¿Algúnha observación? Polo tanto someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes.

1. Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Redondela para a execución do proxecto “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-2906 Os Valos-Guizán, dende o PQ 2+180 ata o PQ 2+920 (Concello de Redondela)*”, formalizado o 31 de agosto de 2020 e modificado por Addendas formalizadas o 29 de decembro de 2020 e 6 de outubro de 2021.
2. Na cláusula quinta do antedito convenio recóllese a obriga do Concello de Redondela de solicitar a transferencia dos viarios que a continuación se relacionan, tendo o convenio o carácter de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
  - Estrada provincial EP-2903 Redondela-Catapeixe.



– Estrada provincia EP-2905 acceso a Arealonga.

3. Informes dos servizos técnicos de 11 de novembro de 2021 sobre a solicitude de transferencia e sobre o valor patrimonial do treito obxecto desta.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (en diante, LBRL).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.

A transferencia ao concello informouse favorablemente polos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais o 11 de novembro de 2021. No informe sinálase:

“A EP-2903 Redondela–Catapeixe, de 836 metros de lonxitude, ten unha configuración e características netamente urbanas, dada conta que dispón de beirarrúas a ambas beiras, bandas laterais de aparcamento de vehículos, alumeadado público, e está maioritariamente ocupada por edificacións de uso residencial a ambas beiras, ademais, discorre por solo coa clasificación de solo urbano segundo o planeamento urbanístico en vigor de Redondela.

Por outra banda, a EP-2905 Acceso a Arealonga, é unha viario de escasa lonxitude, soamente 347 metros que remata na Praia de Arealonga (Chapela), e conta tamén cunhas características e funcionalidade de marcado carácter urbano logo que discorre por unha zona densamente edificada en formación de aliñacións consolidadas, beirarrúas a ambas marxes, alumeadado público e por solo urbano segundo o planeamento urbanístico.

Por tanto, ambas teñen características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario urbano municipal, servindo de acceso ás edificacións e aos predios colindantes sen formar parte dun itinerario viario interurbano.





Polo anterior, considérase que a EP-2903 Redondela–Catapeixe e a EP-2905 Acceso a Arealonga, carecen da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Redondela poderá garantir un mellor mantemento das estradas e levar un control máis directo sobre as mesmas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público viario”.

Tramítase a proposta de aprobación da transferencia e, posterior entrega ao Concello de Redondela, por considerarse conforme co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Segundo o informe de valoración patrimonial emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas en data 11 de novembro de 2021, o valor patrimonial do treito obxecto do cambio de titularidade é de dous millóns oitocentos setenta e cinco mil cento vinte e cinco euros (2.875.125,00 €).

3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.



O artigo 33. 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3 a) e 4. 1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

**Primeiro.-** Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Redondela das estradas provinciais EP-2903 Redondela–Catapeixe e da EP-2905 acceso a Arealonga.

As devanditas estradas incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Redondela tal e como se sinala no artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

**Segundo.-** Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

**Terceiro.-** Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao concello.

11.7754.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA QUE A DEPUTACIÓN MANTEÑA NO PLAN CONCELLOS 22-23 A LIÑA FIXA QUE PERCIBIRÍAN OS CONCELLOS DE CERDEDO E COTOBADE POR SEPARADO (EXPTE. 2022008740)**



Sra. Presidenta.- No punto orde da, no punto, perdón, 11 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que a Deputación manteña no Plan Concellos 22-23 a liña fixa que percibían os Concellos de Cerdedo e Cotobade por separado. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, ten a palabra señor ...

Sr. Cubela López.- Si, moitas gracias. Como todos sabemos o Concello de Cerdedo-Cotobade foi o primeiro municipio que abordou un proceso de fusión voluntaria de concellos despois da entrada en vigor da Lei de Racionalización. Unha Lei que incentiva as fusiones voluntarias e introduce por primeira vez medidas concretas para a súa potenciación. Entre estas medidas establécense o incremento da súa financiación ou a preferencia na asignación de plans de cooperación e subvencións. Recoñécese tamén ós novos concellos o incremento dun 0,10% no coeficiente de ponderación da participación de ingresos do Estado, e que neste 2022 vai a supor para o Concello de Cerdedo-Cotobade 100.000 euros a maiores do que xa recoñecía durante os últimos anos este precepto. Tamén a Comunidade Autónoma de Galicia introduciu medidas de fomento para a fusión de municipios, nas que Cerdedo-Cotobade se viu beneficiado a través de axudas técnicas, criterios prioritarios na asignación de subvencións i tamén a través do fondo de fusiones. Por iso queremos preguntar, ¿que vai a facer a Deputación de Pontevedra a partir do ano 22 a través do Plan Concellos? As Diputacións, a Diputación de Pontevedra que é unha administración local que debería ter como obxectivos cooperar cos pequenos municipios, que debera ser unha parte activa dos procesos de fusión resultantes na súa provincia, e que é a institución máis próxima ós concellos debería de respectar a vontade dos concellos e participar dunha forma clara por estos 3 argumentos na súa difusión, na súa colaboración e sobre todo na súa financiación. Temos un exemplo moi claro, moi preto de nós o que fai a Diputación da Coruña co Concello de Oza-Cesuras, un proceso de fusión voluntaria levado a cabo no ano 2013, e unha experiencia onde a Diputación provincial da Coruña segue a recoñecer as liñas fixas que percibirían este concello por separado. Votamos en falla dende o Grupo Provincial do Partido Popular que nas bases do Plan Concellos 22-23 non se contemple ningunha medida cando menos para seguir mantendo as cantidades que recibirían os dous concellos por separado, é dicir, que se segue respectando o criterio de contabilizalos coas liñas fixas por separado. Os plans de cooperación provinciais, é dicir, o Plan Concellos son instrumentos que financian obras e servizos, que financian o plan de emprego e que financian actividades. Reducir en máis de



medio millón de euros, nos exercicios 22 e 23, a financiación do Concello de Cerdedo-Cotobade é trincar e retraer recursos ós seus veciños, non é retraerllo ó goberno municipal do Partido Popular, é dispoñer de menos recursos para as necesidades básicas de ámbito competencial e de titularidade municipal que benefician aos veciños de Cerdedo-Cotobade. ¿Por que a Deputación de Pontevedra, unilateralmente, sen previo aviso ademais pretende facer isto?, cando outras Diputacións si respectan a financiación de concellos que foron fusionados con máis antigüidade. ¿Por que a Diputación non tende a man a un concello rural, ó único concello que levou a cabo un proceso voluntario de fusións?. Estamos nun clima social, político, económico, proclive ás fusións voluntarias dos municipios; noutras partes do Estado se están levando a cabo procesos de fusión voluntaria de municipios, coa participación activa das súas diputacións, e poño de exemplo a labor que está levando a cabo a Diputación de Badaxoz, na cooperación e na colaboración cos dous concellos que anunciaron o seu proceso de fusión, Villanueva de la Serena i Don Benito. Creo que retirar 500.000 euros á financiación dun concello do rural, a un concello do interior, a un concello onde os seus veciños teñen moitas necesidades, é un erro político de decisión do goberno Socialista e do BNG na Diputación de Pontevedra. ¿De que vale que neste goberno provincial a candidata do Partido Socialista do Concello de Cerdedo-Cotobade, sexa membro do equipo de goberno a través de ser persoal eventual? ¿Que clara capacidade ten o goberno provincial do Partido Socialista e do BNG para enchérselle defender ós concellos pequenos cando lle vai a retirar medio millón de euros a un deles.

Sra. Presidenta.- Finalizou o seu tempo. Logo pode vostede continuar. En todo caso, que vou a dar a palabra a quen o solicitou, me parece moi pouco elegante que vostede nomee a persoal eventual para defender a súa posición. A verdade é que non se pode esperar máis de vostedes. Sr. Mosquera, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. A ver, non sei que parte non se entendeu do Plan Concellos no seu momento. Mire, as, para rematar co desorde que había en certo momento en todas as taxas e impostos, supoño que coñecerá que a lei di que non se pode aplicar ningún desconto ou rebaixa nun imposto ou unha taxa salvo as previstas expresamente na lei, ¿vale? Pois no Plan Concellos sucede o mesmo, trátase a todo o mundo igual salvo o que estea expresamente recollido na lei. E se a lei di que durante cinco anos de fusión hai que tal pois acatámolo e se deixa de dicilo pois no acatamos. Non queremos abrir nin con Cerdedo-Cotobade nin con ninguén ningunha espita, ningunha, ¡eh!, porque



entraríamos na discrecionalidade e o seguinte sería a este porque é costeiro, a este porque é montañoso, ó outro porque é de, asolágase, e o outro porque é simpático e o outro porque é antipático. Non sei que parte se perderon. Ustedes están disfrutando, os seus alcaldes e alcaldesas, dun trato exquisito e igual para todos e eso conseguímolos dicindo, non hai excepcións salvo as marcadas pola lei, creo que está claro, a lei dixo que en 5 anos pois, non nos gustaba, ¡eh!, acatámolo, de que en 5 anos pode haber esas excepcións e aplicámolo, agora non é obrigatoria e non a aplicamos, porque non aplicamos ningunha, ningunha, queremos que se acabe nesta Deputación os tempos da discrecionalidade e do dedo divino, porque bueno, Cerdedo-Cotobade, voluntariamente lle damos a ustedes, os sobrefinanciamos, vale e o outro, viramos por atrás outro que tamén quere que o sobrefinancien porque non sei que lle pasa, e o outro porque lle pasa outra cousa, ¿entende?, cortamos eso e siguen ustedes erre que erre con eso. Evidentemente, sabe perfectamente, Sr. Cubela, que cando no ano 2016, creo que foi, 16 ou 17, o 16, se fusionaron e demais, o noso criterio era, salvo o que mande a lei, en principio non íamos a facer, mandou a lei e fixémolos. E agora estamos facendo o mesmo, estamos facendo o mesmo, porque iso supón retraerlle recursos a outros concellos, eso é o que supón, non é que sea unha cantidade enorme, pero supón detraerlle a outros concellos. Entonces, podía vir, que mo dean a Cerdedo-Cotobade e que llo quiten ó resto dos concellos do PP, por exemplo, eu que sei, calquera cousa desas. Por favor, seamos serios, eu entendo que ustedé tuvo un concello dopado, ou sea, dopado, sobrefinanciado, e queira mantelo, pero non, nós non estamos por eso e díxeno antes cos recursos e dígoos agora. Se de algo estamos orgullosos, eu en particular estou moitísimo, é que aquí se trata a todo o mundo por igual e as excepcións que se fan son por obriga legal non porque un chora máis, chora menos, ou tiña unha situación previa, ou tiña unha situación posterior ou porque tal. Non, non se fan excepcións e creo que os seus alcaldes e alcaldesas están todos, sábeno perfectamente todos os da provincia, e seguen ustedes, ou segue ustedé en particular, erre que erre a ver se arrima a ascua á súa sardiña e consegue máis do que lle corresponde según os criterios. E, francamente, ¿e por que, por que?, porque é ustedé, porque é Cerdedo-Cotobade, non, tratámolo igual que ós demais, coas excepcións que fixa na lei e nin unha máis, nin unha máis. O día que abramos a espita de facer unha excepción esto reventa por todas as esquinas e teremos todos os alcaldes e alcaldesas á porta aí pedindo, non, a min dáme máis porque ..., e a min dáme máis porque ..., sempre haberá unha razón, sempre haberá, e eso é o que queremos evitar de todas todas.



Sr. López Font.- Sr. Cubela, lamento tener que contestar en los términos a los que usted ha querido llevar el debate. Yo comprendo y se ha comprobado esta semana que su partido es el del navajazo entre ustedes, y que esta es la forma en la que practican, pero hay líneas rojas que no se pueden pasar. Estas alusiones personales a si un asesor, asesora, fue candidato, yo no se si tiene anotada la frase, pero decir literalmente que de que vale que una asesora haya sido candidata del Partido Socialista es, desde luego, lo peor que se puede decir, porque la pregunta ¿qué es?, ¿qué si mañana ustedes o hoy gobernasen le darían a la Federación Gallega de Fútbol, porque está el Sr. Louzán, cientos de millones o decenas de millones de esta Diputación? Pues estamos buenos. Mire, Sr. Cubela, hay que recordar que en su momento tuvimos un informe que dejaba claramente que la discriminación positiva no se podía aplicar fuera del marco público estatal. El propio Tribunal Constitucional sentenció que esta medida no se aplicaría, sólo se aplicaría a las subvenciones del Estado. Por lo tanto, las medidas de discriminación positiva son contrarias a la Ley, a la legislación básica del Régimen Local. Y que quede claro, el artículo 1 de la Ley de Bases de Régimen Local lo circunscribe exclusivamente al sector público estatal. Pero a pesar de todo y a pesar del lamento que ha hecho hoy aquí, lo que tendría que valorar es la generosidad que tuvo este gobierno, la generosidad que tuvo este gobierno de a pesar de esos informes negativos, durante 5 años haber ayudado al Concello de Cerdedo-Cotobade para que asumiesen esos costes añadidos que pudieran tener. Y, preguntaba usted, ¿qué vamos hacer?, cumplir la Ley, ¿qué vamos hacer en cuanto a respetar la voluntad?, la totalidad. Lo que es evidente es que usted tenía conocimiento de que esto se terminaba a los 5 años. Hoy Cerdedo-Cotobade es un concello Sr. Cubela, no dos concellos, y por lo tanto como quiera que han transcurrido estos 5 años, se lo decía ahora el Vicepresidente, claro, preguntaba usted y decía 500.000 euros, 500.000 en detrimento de los demás, que también debería decirlo. Si quiere usted doparse, como normalmente hace con los convenios de la Xunta, tendrá que decir que es en detrimento del resto de los concellos. Por lo tanto nosotros, yo creo que debería de prevalecer la generosidad que tuvimos en su momento y no el que usted ahora quiera convertir esto en que la Diputación masacra poco menos que a los vecinos y vecinas de Cerdedo-Cotobade. Si usted quiere continuar, adelante, nos parece muy bien, pero claro, resulta sorprendente, el Plan Concellos ha pasado por este Pleno, no hicieron ninguna reclamación ni hicieron ninguna alegación y utiliza usted ahora el formato de la Moción. Y bueno, ya me acaba de matar en las argumentaciones cuando quiere establecer un paralelismo entre la fusión de Cerdedo-Cotobade y la fusión de Don Benito y Villanueva de la Serena. Mire, tengo profundo cariño a



Cerdedo-Cotobade, por muchos motivos y disfruto mucho cuando voy, entre otras cosas, Sr. Cubela, porque el 99% de las actuaciones que se realizan en su concello son fruto de las aportaciones que hace esta Diputación. Ahora, no quiera compararme la fusión que se hizo en Cerdedo-Cotobade con la que se está haciendo en la provincia de Badajoz. Miren, en Don Benito y en Villanueva de la Serena el proceso es consecuencia de la iniciativa de dos alcaldes, es un procedimiento participativo, transparente y con unas condiciones que señalan claramente cuáles son los objetivos del proceso. Sigo con el cariño que le profeso a Cerdedo-Cotobade pero no puede compararse, de verdad, una localidad que va a tener 63.000 habitantes con la, y que se convierte, se va a convertir en la tercera ciudad de Extremadura, con la situación de Cerdedo-Cotobade. Mire, dado el tono que ha utilizado, usted y yo lo sabemos, de que por muy buena que pudiera ser la fusión de Cerdedo-Cotobade, esto estaba en el ámbito del Sr. Rueda y de sus estrategias para conseguir alterar los resultados en el Partido Judicial. Por lo tanto, tenemos toda la legitimidad para decir que hemos ayudado a Cerdedo-Cotobade durante cinco años, Sr. Cubela, que esta situación ha terminado y que el Plan Concellos es un excelente instrumento.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Cubela. Ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Para reconecer ou atacar sempre ó meu concello con que estamos dopados pola Xunta arróganse que o 99% das obras que facemos no noso concello as financia o Plan Concellos. ¡Ou é boi ou é vaca! As dúas cousas non Sr. Font. Alégrome de que lle teña moito cariño ó meu concello, seguro que non lle tiñan tanto cariño ós veciños de Alfofrei cando nada máis entrar este equipo de goberno paralizou a adxudicación do ensanche dunha mellora nunha carretera provincial onde se iban a investir moitos centos de miles de euros por ser un goberno municipal do Partido Popular. Miren, vostedes non axudaron a nadie, aquí houbo un pacto para non ir a un contencioso-administrativo por parte do goberno municipal do Partido Popular de Cerdedo-Cotobade, porque no ano 2017, o primeiro ano da fusión, as bases do Plan Concellos non reconecían e non reflectían a cantidade da que se fala dende un punto de vista, dende o respecto teleolóxico é fundamental á norma da Lei de Racionalización sobre a financiación que os dous concellos sumaban por separado. Eso foi o resultado dun pacto entre o goberno da Deputación e do Concello de Cerdedo-Cotobade para que o Concello de Cerdedo-Cotobade non fose ó contencioso-administrativo. Pouco tardaron, pouco tardaron, cinco anos nada máis, en respectar iso. A norma di que polo menos, alomenos durante os primeiros cinco anos se debería de respectar



iso, en ningún momento de forma imperativa se exerce a prerrogativa de impedir que un goberno, que unha administración provincial como a Deputación non siga prestando esa colaboración ós concellos resultados dunha fusión. A Xunta de Galicia o sigue facendo a través do fondo de fusión e a través das liñas de subvencións onde se recoñece que os municipios fusionados teñen unha clara proporción i dereito á asignación de recursos autonómicos. Tamén o recoñece o Estado, o Goberno do Estado, o lexislador estatal, que este ano lle incrementa en máis de 100.000 euros ó Concello de Cerdedo-Cotobade, por enriba do que xa viña recibindo nestes últimos cinco anos, o coeficiente de ponderación. Cremos que, sin tratar de querer ser máis nin de querer ter máis recursos que ninguén, porque senón houbera fusións os recursos serían dos dous concellos, non se lle quiten ós veciños de Cerdedo-Cotobade medio millón de euros, 500.000 euros, a un único concello por non seguir colaborando cun municipio do interior. ¿É unha vendeta por ser un goberno municipal do Partido Popular? ¿Hai algo que non lles guste porque este señor sexa o Portavoz do Grupo Popular na Deputación? Eu mencionaba á candidata socialista do meu concello porque asesora a este goberno que lle vai quitar diñeiro ao concello do que é concelleira, non lle faltei ao respecto en ningún momento.

Sra. Presidenta.- Finalizou o seu tempo. Logo ten para pechar. Vóltollo a repetir como Presidenta da Deputación, volto, si, si, vostede pode dicir o que queira e eu tamén, ¿ou vostede pode e eu non podo?, podemos os dous, ¿verdade?. Ben, pois eu son a Presidenta da Deputación de Pontevedra e o que vostede está a plantear paréceme absolutamente gravísimo. Vostede está dicindo que cando un grupo político goberna e ten a capacidade de poder ter un grupo de asesoramento, eses asesores poden ter o privilexio de tomar decisións para favorecer a un concello, eso ten un nome. Sr. Mosquera, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, gracias Sra. Presidenta. Por favor, estou no uso da palabra e ...

Sra. Presidenta.- Perdome un momento. Bueno, está chillando un señor que chilla sempre en todos os plenos do seu concello. Nada novo baixo o sol. Ten a palabra Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- ¿Que é o que se nos está pedindo? Se nos está pedindo que nós discrecionalmente lle demos máis cartos a Cerdedo-Cotobade, porque non é obriga, eu non sei como hai que explicalo, non é obriga, ou sea, queren





abrir a espita, este é un discurso recorrente, queren abrir a espita de que nós actuemos discrecionalmente e non o vamos a facer, nin con usted nin con alcaldes do PSOE, nin con alcaldes do BNG, nin Independentes, con ningún, a ver se lle queda ben metido na cabeza, con ningún. A usted non lle pasa pola cabeza que poidamos actuar así, ese é o problema, ós do PP non lle pasa pola cabeza, esa é a desgracia; inda os valores de igualdade, de respecto e de tolerancia, ¿non?, e de eso, de lealdade institucional coa institución Concello de Cotobade, concello de, calquera concello, non lle colle na cabeza, “es de los míos o no es de los míos”, seguen tendo na cabeza “es de los míos o no es de los míos”, ese é o problema, porque senón, a ver, por que nós, gratuitamente, alegremente, sen ningunha obriga legal, lle vamos dar a vostede como alcalde e ó Concello de Cerdedo-Cotobade máis do que lle corresponde estritamente, ¿por que?, ¿quere que abramos esa espita?, nona vamos abrir, emperrénchese o que queira, non a vamos abrir, non é a primeira nin a segunda, nin a terceira, nin a cuarta, nin a quinta vez que escoitamos das bancadas da oposición do PP, este mesmo artigo. ¿Ou que pasa?, ¿os alcaldes e alcaldesas nosos son tontos?, non saben pedir que son isleños, que son penínsulas, que son de monte, para pedir máis; claro que o saben pedir. A resposta é non, todos iguais salvo o que legalmente teñamos que excepciónar, por obriga non por vontade, non sei como hai que explicalo, de verdade, parece que queren que esta Deputación volva ó dedo divino, volva a eso, e que non haxa ningún recurso nin haxa outro porque calquera alcalde, tamén os do propio PP, ¡eh!, ou sea, cando estaba aquí había alcaldes e alcaldesas do PP que viñan aquí atemorizados, a min non me vai dar nada, a min non me vai dar nada, a min non me vai dar nada porque non sei que pasou ou, por favor, creo que eses tempos teñen que pasar definitivamente.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Font, ten a palabra.

Sr. López Font.- Yo comprendo que la palabra vendetta forma parte del lenguaje de su partido político, pero hombre, decirle al gobierno de la Diputación de Pontevedra, que es el que más transfiere de forma directa a los concellos, que tiene una vendetta con un concello, el que sea, la verdad, Sr. Cubela, es justamente al revés. Nos reafirmamos en lo que significa el Plan Concellos, nos reafirmamos en el concepto de equidad con los concellos y nos reafirmamos en que hemos hecho a los concellos mayores de edad. Y también me reafirmo en el 99%, de las actuaciones que usted hace, el 99% son consecuencia de la Diputación, de las actuaciones con transparencia, con transparencia, Sr. Cubela, porque si las actuaciones y los convenios de dopaje que vienen de la Xunta de



Galicia no fuesen así y fuesen con transparencia hubiera utilizado otro porcentaje, pero de todo, de lo que es en condiciones de igualdad a todos los concellos, ustedes en Cerdedo-Cotobade, usted inaugura el 99% de lo que proviene de esta Diputación. Creo que desde luego las alusiones personales ya ha quedado, evidentemente, bueno, demostrado que ciertamente mis valoraciones, que las utiliza aquel que no tiene otras argumentaciones, pero claro, como usted va de salto en salto y dice Almofrei, bueno, Almofrei, el proyecto heredado, Sr. Cubela, era malo, malo, y si tuviera tiempo lo repetiría malo no sé cuántas veces. Pero es que ahora hay un nuevo proyecto y estamos esperando por usted, por usted como Alcalde para poder contratar la obra. Le aconsejo que el tono sea otro diferente y, desde luego me reafirmo en lo que ha manifestado el Vicepresidente de que el Plan Concellos debe de ser igual para todos. Y me permito decirles, porque ya se lo hemos dicho en más de una ocasión, que si no quieren el Plan Concellos como está lo digan aquí, pero cada vez que les decimos esto ustedes ni pio.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten vostede a palabra durante dous minutos para pechar o debate Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, os que queren levar ó debate de que este alcalde pretende un trato de favoritismo i que se lle dean máis recursos ó meu concello con respecto aos demais son vostedes, eu non plantexo eso así. Eu plantexo que dunha forma de cooperar co noso Concello que é unha forma de colaborar e ser parte activa no proceso de fusión, no único proceso de fusión que se levou adiante na nosa provincia, se sigan mantendo as cantidades, as liñas fixas que lle corresponderían ó noso Concello antes da fusión. Non vaian a ningún outro sitio que este alcalde non pretende levar máis do que lle corresponde do Plan Concellos. Falo de medio millón de euros que se van a retraer ó noso concello, medio millón de euros que como di o Sr. Mosquera “esto non é unha fábrica de facer cartos” i de algún lado terán que sacar para levalos a obras de competencia municipal a Vigo. Esos cartos van a valer para financiar actuacións no municipio de Vigo en infraestruturas de titularidade municipal, mentras que ós veciños de Cerdedo-Cotobade, das parroquias de Loureiro, de Quireza, de Caroi, de San Xurxo de Sacos, de Aguasantas ou de Folgoso, se lles vai a impedir poder acometer cunha maior celeridade actuacións que terán que pospoñerse a exercicios futuros por culpa de que o goberno Socialista de Vigo e do BNG de Pontevedra lle van a retirar medio millón de euros, medio millón de euros, de recursos ós seus veciños, dunha forma unilateral, porque non tiveron nin a



decencia de chamar a este alcalde para darlle a correspondente cláusula por teléfono, i polo tanto o que estamos facendo aquí é defender ó noso Concello, a un Concello da provincia, a un Concello rural, e a un Concello onde en cooperación coa Deputación se debería haber beneficiado pola boa vontade deste equipo de goberno.

Sra. Presidenta.- Finalizou o seu tempo Sr. Cubela. Eu teño que decirlle dúas cousas, primeiro, sorpréndeme que vostede que cobra por ser Deputado Provincial non lea os documentos, porque este Plan Concellos foi aprobado seguindo todo o procedemento legal e tivo vostede tempo e tempo para coñecer o contido, ¿verdá?, e, presentamos os orzamentos e o Plan Concellos en novembro do ano pasado, e o aprobamos nun Pleno desta Deputación, e vostede espera a finais de febreiro, de verdade, vostede, Sr. Cubela, esto non é un debate televisivo, non estamos en “Salvados”, estamos no Pleno da Deputación de Pontevedra, e eu teño o uso da palabra, usted tranquilo, tranquilícese, vamos a levar as cousas ben que está o mundo para estas tonterías, coas cousas terribles que están a acontecer no mundo e estamos para perder o tempo, eso amosa a calidade política de cada quen. Por tanto, vostede tivo moitísimo tempo para coñecer o contido e o reparto, porque lle enviamos unha carta a cada concello co reparto. Vostede a recibiu fai moitas semanas, ¡acordouse agora!. Pero, en segundo lugar, mire, vostede o que non lle vou a consentir e como esto va por striming, quero que os veciños de Cerdedo-Cotobade saiban que o seu alcalde mentiu, ¿por que mentiu?. Primeiro, porque o Concello de Pontevedra e o Concello de Vigo van a recibir este ano os mesmos recursos que recibiron o ano pasado, pola contra o Plan Concellos ano a ano aumenta i este ano tamén aumentou e, polo tanto, é absolutamente falso que os recursos que este ano están repartidos no Plan Concellos, unha parte deles, a que según o Sr. Cubela deberían corresponderlle a Cerdedo-Cotobade, vaian para Vigo, simplemente é mentira, e teñen que quedar as cousas claras, é mentira, é mentira, o odio do Partido Popular hacia a cidade de Vigo é habitual, este tipo de argumentos, de que financiamos máis a Vigo non é verdade, outras veces o usan tamén coa cidade de Pontevedra. Eu tamén lle pido ás veciñas e veciños de Vigo que tomen nota de que aquí o Partido Popular sempre se posiciona contra a cidade de Vigo, e tamén contra a de Pontevedra, cousa inexplicable, e ademais o fan con mentiras. E ben, rematado este punto, a miña intervención para aclarar, someto a votación o punto 11 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para que a Deputación manteña no Plan Concellos a liña fixa que percibirían os



Concellos de Cerdedo e Cotobade por separado. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para que a Deputación manteña no Plan Concellos 22-23 a liña fixa que percibirían os concellos de Cerdedo e Cotobade por separado.

### 12.7755- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Sra. Presidenta.- No punto 12 estaría Asuntos fóra da orde do día. Non hai. Polo tanto pasamos á parte de información e control.

Non houbo.

#### b) Parte de información e control:

Sra. Presidenta.- Antes de pasar ó punto 13 quero que a xente saiba, todas as galegas e todos os galegos, que hoxe nos acompaña aquí a TVG, a televisión pública, que se financia con recursos públicos, de todas as galegas e de todos os galegos. En primeiro lugar, quero amosar a admiración por todas as traballadoras e traballadores da TVG, polo extraordinario nivel profesional que teñen. Todos os venres traballadoras e traballadores da TVG poñen unha camiseta negra, o cámara que hoxe está aquí tamén a ten por debaixo da súa camisa azul, onde pon “Defende a Galega”. ¿Por que quero informar de esto? Porque a TVG nunca vén á Deputación de Pontevedra a contar todas as transformacións que se están producindo aquí, non asisten ás roldas de prensa, non veñen a estes Plenos a gravar os manifestos elaborados para defender os dereitos das mulleres, e hoxe obrigaron a un traballador, ó que lle amosamos o noso respecto, o noso cariño, a nosa valoración como gran profesional que é, para que grave exclusivamente o punto 13 da orde do día, é dicir, o uso, a manipulación, de un medio público financiado por todos os galegos e por todas as galegas para maior gloria do Partido Popular, mandatado polo Partido Popular, mandatado polo Presidente da Xunta de Galicia. Paréceme intolerable, así que, dende aquí, como Presidenta da Deputación “Defende a Galega”, esiximos medios públicos que non manipulen a información, é intolerable que un medio público sexa obrigado a vir aquí a gravar



o punto 13 da orde do día, nun estado democrático esto é insostible, non hai dereito, non hai dereito. Así que si “Defende a Galega”, un medio público libre, sin manipulación e que non estea ás ordes do Presidente da Xunta de Galicia. Non se pode tolerar.

13.7756.- **SOLICITUDE DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DA COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA PRESIDENTA E DO DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR EN RELACIÓN AO AUTO DA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPREMO DE DATA 21-12-2021 (EXPTE. 2022007419)**

Sra. Presidenta.- E, polo tanto, agora se vai a proceder a gravar por parte da TVG o punto 13 da orde do día que é a solicitude do Grupo Provincial do Partido Popular de comparecencia ante o Pleno da Presidenta e do deputado delegado da Área de Personal e Réxime Interior en relación ó Auto da Sala do Social do Tribunal Supremo, de data 21-12-2021. Espero que se grave todo o que aquí se vai a dicir, todo, dende o primeiro segundo ata o último, o espero, vou a estar moi atenta á TVG. Porque xa anuncio que senón se publica todo o que aquí se di tomaremos as medidas que sexan oportunas. Polo tanto, imos a someter a votación este punto, porque as comparecencias deben ser sometidas a votación. ¿Votos a favor da solicitude do Grupo ...? Si, Sra. Pardo, dígame.

Sra. Pardo Pumar.- Yo quería plantear una cuestión de orden antes. Como cuestión de orden nos gustaría plantear, igual que hicimos en la Comisión de Régimen Interior, que los dos puntos son dos peticiones totalmente independientes, y diferenciadas, que sean votadas por separado, la primera es la solicitud de que se incluya en el orden del día la votación precisamente del debate de la Junta de Gobierno, que es el sistema de control de fiscalización del 33 b) y 35, solicitando la comparecencia para ese debate de la Junta de Gobierno, de la Presidenta de esta Diputación, ...

Sra. Presidenta.- Sra. Pardo, eu xa coñezo o orden do día, xa coñezo o contido, polo tanto, entendo que vostede está solicitando que se voten por separado os puntos que aparecen na única presentación dun documento. ¿Entendo ben, verdad?



Sra. Pardo Pumar.- Efectivamente ...

Sra. Presidenta.- Vale, perfecto, pois Sra. Pardo, Sra. Pardo, Sra. Pardo, xa non ten a palabra, Sra. Pardo, xa entendín a súa petición, polo tanto non vou a permitirlle que abra o debate, ¿sabe?, o debate se producirá en caso de que se debata este punto, que salga aprobado por maioría, esas son as democracias. Polo tanto, Sra. Pardo, Sra. Pardo, ¡Ai, Dios mío!, ¡de verdá!, bueno ...

Escóitase falar á Sra. Pardo pero non se percibe ben o que di.

Sra. Presidenta.- Esto é o que o Sr. Feijóo quería que se gravara na TVG. Xa temos o momento de gloria do Partido Popular, que triste, de verdade, hoxe hai xente neste planeta, nesta Europa que está sufrindo unha guerra e nós estamos debatindo, de verdade, a min, eu sinto vergoña, o teño que dicir. Pero bueno, en todo caso, a Sra. Pardo ten solicitado que se voten por separado dous puntos dunha petición, que constan como único documento, o Secretario do Pleno xa lle explicou pormenorizadamente que non ha lugar, nas Comisións, Sr. Secretario, doulle a vostede a palabra para que informe se lle explicou á Sra. Pardo que non era preceptivo votar por separado os dous puntos xa que forman parte dunha única petición. E para non poñelo a vostede nunha situación complicada simplemente lle pregunto, para que conste en acta, se vostede lle explicou esta cuestión á Sra. Pardo.

Sr. Secretario.- ... Hubo muchas preguntas, yo lo primero que hice es disculparme por el error lamentable que tuvimos en la transcripción del Reglamento, y espero que me acepte las disculpas. Y luego, hablamos de varias cosas, y, efectivamente, en el Reglamento cuando se pide una retirada del orden día o cuando se pide que se quede sobre la mesa un asunto hay que votarlo. Pero en el Reglamento, es el artículo 29, yo le dije que si, que había que votarlo, pero efectivamente no había que votarlo, y hoy quería hablar con usted, lo que pasa que estuve con el Diputado Sr. Alejandro, en relación con el tema que planteó, y quería hablar con usted antes del Pleno para decirle que me había equivocado, pero ha visto que vine corriendo, quería hablar con usted porque creo que, recordaba que le había dicho eso, pero no, no se vota, esto no se vota.

Sra. Presidenta.- Moi ben. Que o Secretario dá as súas explicacións, non hai cuestión máis democrática, que dar a palabra a quen lle corresponde, someto nos seus propios termos a solicitude do Grupo Provincial do Partido Popular da



comparecencia ante este Pleno da Presidenta e do Deputado Delegado de Área de Persoal e Réxime Interior. ¿Votos a favor da solicitude? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do PP, rexeitar a solicitude das Deputadas e Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular para a comparecencia da Presidenta e do Deputado Delegado da área de Persoal e Réxime Interior, ante o pleno, en relación ao auto da Sala do Social do Tribunal Supremo de data 21-12-2021.

14.7757.- **SOLICITUDE DO DEPUTADO D. CARLOS LÓPEZ FONT, DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE, PARA COMPARECER NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 25-02-2022 A FIN DE DAR CONTA DA XESTIÓN DO EXTINTO PLAN DE PRÁCTICAS LABORAL (EXPTE. 2022007439)**

Sra. Presidenta.- No punto 14. Solicitude do Deputado D. Carlos López Font do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para comparecer na sesión ordinaria do Pleno do día 25 de febreiro de 2022 a fin de dar conta da xestión do extinto Plan de Práctica Laboral. Aínda que o goberno pode comparecer cando o considere, tamén vou a someter a votación esta solicitude. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobada por 16 votos a favor e 11 en contra. Polo tanto, procedemos a que o Sr. Carlos Font compareza para falar dese extinto Plan de Práctica Laboral.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, aprobar a solicitude de D. Carlos López Font, Deputado Delegado da Área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral para comparecer neste Pleno, a fin de dar conta da xestión do extinto Plan de Práctica Laboral.

Dita comparecencia é como segue:

**COMPARECENCIA DO SR. DEPUTADO D. CARLOS LÓPEZ FONT**



Sra. Presidenta.- Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- ... a todos y a todas otra vez. Y, efectivamente, comparecemos, comparezco, a fin de dar cuenta da xestión do extinto Plan de Práctica Laboral del Partido Popular, Plan de Práctica Laboral del Partido Popular. Y permítanme la broma, espero salir en la Televisión de Galicia. El Plan de Práctica Laboral nace en 2013 y es un Plan creado por el Presidente Rafael Louzán y es necesario aclararlo. La autoría del Plan de Práctica Laboral es un hecho indiscutible y así lo dice literalmente la hemeroteca con esta foto, entre otras, a mayor gloria del Sr. Louzán. En el 2014 decía que una vez rematada la primera edición fue una experiencia muy positiva, y en el 2015 presumía de un Plan magnífico y reprochaba a otras administraciones el que no tenían la misma vinculación. Pues miren, y por esto comparecemos, según los datos disponibles el Plan de Práctica Laboral de Louzán entre 2013 y 2015 supuso 1.444 becarios y becarias. El Sr. Louzán también reconoció que el resultado era un modesto menos del 30% de aquellos que obtuvieron el trabajo estable. Cuando llegamos a este gobierno esta era la herencia, Plan de Práctica Laboral del Partido Popular. Y a partir de ahí, en el año 2015, pues evidentemente, ya estaba en marcha y ya estaba convocado, eso si promovimos medidas para evitar la precariedad en las becas así como para mejorar el proceso de selección, porque el proceso de selección era, en manos del Partido Popular, el curriculum y la entrevista personal y no hace falta que diga más. En 2016, objetivamos los criterios de selección para introducir un examen tipo test. En 2017, comenzamos a trabajar en otro proyecto más garantista en cuanto a derechos laborales. En 2018, incrementamos el importe de las becas; hasta que llegamos a 2019 y presentamos un nuevo modelo. Es decir, de 2015 a 2018 nosotros hicimos transparente y mejoramos en la medida de lo posible el Plan de Práctica Laboral del Partido Popular. Y llegamos aquí, a 2019, y ponemos en marcha un plan basado en becarios-as para dar paso a un plan basado en contratos de formación y seguridad jurídica, por lo tanto mejoramos el plan heredado del Partido Popular. Pocos días faltaron para que el Sr. Moldes, Portavoz en aquel momento del Partido Popular, trajese aquí una moción en contra de ese plan que nosotros traíamos más transparente y más garantista que era "O teu primeiro emprego". Y las cosas que dijo el Sr. Moldes aquí fueron tremendas, pero básicamente lo que dijo es lo que he afirmado yo hoy, que era el Plan de Práctica Laboral del Partido Popular. También la Presidenta de Nuevas Generaciones del Partido Popular entró a hablar de aquel plan maravilloso del Sr. Louzán. Por lo tanto, el Sr. Louzán, 2013-2015, Sr. Moldes, 2019, decían lo





mismo. Y yo creo que deberían, modestamente, de darse cuenta que cuando están planteando este tema se están criticando a ustedes mismos. Por eso es verdad que no puede aparecer en el orden del día, pero es el Plan de Práctica Laboral de ustedes. Miren, cuando se gobierna no se puede decir una cosa y cuando se pasa a la oposición decir la contraria, porque eso, evidentemente, es producto de una falta de coherencia absoluta y es en lo que han caído ustedes. Por lo tanto, el Plan de Práctica Laboral, que tan interesados estaban en que compareciésemos y ahora resulta que votan en contra de mi comparecencia. Bueno, ciertamente el mundo al revés. Pero bueno, yo como quiera que me imagino alguna que otra intervención hay que circunscribir a qué se refiere el auto del Tribunal Supremo, y es que inadmite un recurso de casación. Miren, la conclusión es que menos mal que no continuamos con el Plan de Práctica Laboral del Partido Popular, menos mal, permítanme la inmodestia de que fuimos inteligentes al modificarlo, y este es el motivo de nuestra comparecencia para contextualizar lo que significa un plan que inició el Partido Popular. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera, un minuto. Ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Eu cando estaba presidindo o Pleno pasado na última parte quedei moi sorprendido porque o PP anunciara que iba a levar ó Pleno, iba a levar ó Pleno este asunto, aínda que fora unha pregunta e ó final non preguntou nada. Dixen eu, bueno, igual lle veu o sentido común, igual lle veu. Pois no, é evidente, é evidente que no. Porque a tirria que ten certa parte do PP contra a outra parte é espeluznante, ou sea, esto é unha emenda á totalidade do que fixo o Sr. Louzán, do que fixo Ana Isabel, do que fixeron outros deputados do PP aquí e outro goberno do PP. Home, e teñen a ocasión de meternos a nós polo medio porque estamos agora. Non lle pasa como en Madrid que querían meter ó Goberno do Estado, na pelea que se traían. Porque senón non se entende, ou sea, un plan que monta o Partido Popular, que os funcionarios aquí lle din que se pode facer e o fai, que nós o suprimimos e fomos cambiando e demais, e igual foi o erro, aceptar algo do Partido Popular, outras cousas cambiámolos totalmente, ¿verdá?, e resulta que é un escándalo, “el caso becarios”, ou sea, será o caso “Louzán” ou “Ana Isabel” ou outros tal, será ese caso, digo eu. Que conste que non é a primeira vez, non é a primeira vez que teño que escoitar, en concreto no Concello de Pontevedra, no que se mete unha agresión a un comportamento que iba directamente contra unha compañeira do Partido Popular. En concreto, por exemplo a xestión das entradas do Pazo, que se facían exactamente igual que fai a Cidade da Cultura, exactamente igual. Claro,



como meterlle unha agresión a como se fai na Cidade da Cultura era unha guerra interna fea pois se fai a través de terceiros, porque senón esto, francamente, ou sea, non hai absolutamente por onde collelo. Teñen ustedes as súas guerras, non as queren declarar públicamente, algunhas si, algunhas sáltanlle e saltan públicamente e entonces usan a terceiros para ventilar. Creo que queda, as datas son clarísimas, ou sea, nós baixamos o número, vostedes foron que no implantaron no 13, entre o 13 e o 15, 1.444 bolseiros, por certo, algúns de 4 anos que nós xa os suprimimos o primeiro ano, cousa que era radicalmente ilegal, ¡eh!, e nós baixámolo no mesmo tempo, 3 anos, 3 anos, 16-18, a 961, baixamos un tercio, e subímoslle ás condicións. Entonces estanlle metendo ustedes un viaxe, repito, ó anterior goberno do Partido Popular, non sei exactamente quen lle preocupa, non sei se é o Sr. Louzán, outros había que mirar, que non estaban no goberno, Sra. Ana Isabel ou quen sea, pero a alguén lle preocupa, está claro que non ten nada que ver con este goberno, a guerra está noutro lado, radicalmente noutro lado, porque claro, os feitos non casan, ou sea o PP monta un plan que presume e despois un Tribunal di que eso está mal, e resulta que a culpa é nosa. A ver, a ver, é que, de verdade, de verdade, non hai por onde collelo, eu non sei que problema teñen pero ventíleno internamente ustedes, ¡caramba!, ventíleno, bátanse en duelo, nomeen un árbitro, prestámonos incluso a ser árbitros, ou cascos azuis, ¡eu que sei!, o que queiran vostedes, prestámonos ata. Pero está, está clarísimo, igual que esa insistencia, que supoño que vai a vir, de que la Presidenta i non sei que, non sei canto, metémonos nós algunha vez, por exemplo, coas sentencias, que hai sentencias firmes, firmes non, perdón, hai sentencias de estancia co Sr. Louzán, coa alcaldesa ou incluso con funcionarios de aquí que están sentenciados e que vostedes aproveitaron para levar á Xunta. Nunca nos metemos, non, non andamos nesas trapalladas. E vostedes ¿por que se meten? Porque queren ventilar internamente algo. Ventíleno, alá vostedes, ou sea, nos veñen aquí co caso bolseiros, así víndose arriba coas palabras, nos veñen aquí, ¿entenden?, cando é, cando o puxeron a andar, os maiores responsables son compañeiros seus. Ventílense entre ustedes, de verdade, nós se queren facemos de cascos azuis. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sra. Pardo ten a palabra.

Sra. Pardo Pumar.- Si. Muchas gracias Sra. Presidenta. Curioso es este Pleno en el que la Presidenta tanto clama por la democracia y luego tiene que decirle a la televisión gallega lo que puede o lo que no puede gravar, intentando vetar a los medios de comunicación, que desconocía que estuviesen vetados en esta casa.



